



SESION EXTRAORDINARIA DE 12 DE SETEMBRO DE 2019

(Acta Número 12)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé M^a. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D^a. Mónica Freire Rancaño
D^a. M^a. Elena Candía López
D. Efrén Castro Caloto
D. Javier Jorge Castiñeira
D. Agustín Baamonde Díaz
D. José Antonio García López
D. Roberto García Pernas
D^a. Dolores Castro Ochoa
D. Pablo Taboada Camoira
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Ana M^a. González Abelleira

Secretario:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do **día doce de setembro de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria convocada para este efecto.

Actúa de Secretaria a titular da Corporación D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o Sr. Deputado don José Angel Santos Sánchez.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incuídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

COMISION DE ECONOMÍA, RECADACIÓN E FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS

1.- PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO 2019-2020.

Logo de ver o ditame da Comisión de Economía, Recadación e Especial de Contas, do seguinte teor:

“Pola Presidencia preséntase a seguinte proposta:

“Logo de ver o informe emitido pola Intervención o 8 de maio de 2019 de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e débeda pública con motivo das liquidacións e contas anuais a 31 de decembro de 2018 e para acompañamento da Conta Xeral de 2018 (rectificado polo Informe de 2 de xullo de 2019), onde se pon de manifesto o incumprimento da regra de gasto, elabórase o Plan económico-financieiro (PEF) 2019-2020 que se achega, suscrito polo Presidente en funcións D. Darío Campos Conde o 7 de xullo de 2019 e informado favorablemente pola Intervención para acadar o cumprimento da regra de gasto, e elévase ó Pleno para a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobación do Plan económico-financieiro 2019-2020.

Segundo: Dar traslado do presente acordo e do Plan Económico financieiro 2019-2020 á Xunta de Galicia, como órgano encargado da súa aprobación definitiva e o seu seguimento tal e como establece o artigo 23.4 da LOE.

Terceiro: aplicar a publicidade establecida legalmente para os Orzamentos da entidade.”

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos señores deputados D^a Dolores Castro Ochoa, D. José Jesús Novo Martínez e D. José Pardo Lombao, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.



Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Este é un asunto sobre o que dispoñen de toda a documentación, e que ademáis foi tratado xa na Comisión Informativa de Economía, Recadación e Facenda que tivo lugar o pasado venres, na que a Interventora lles ofreceu ós membros dos tres Grupos Provinciais explicacións ó respecto.

Polo tanto vou facer unha breve intervención simplemente para lembrar que a Deputación de Lugo debe aprobar e aplicar este Plan Económico Financeiro 2019-2020 por superar no exercicio 2018 a regra de gasto, é dicir o límite anual de gastos non financeiros establecidos para as Administracións Públicas pola lexislación estatal.

Trátase dun desaxuste conxuntural entre gastos e ingresos non financeiros, que de feito, segundo reflicte o plan económico financeiro, se vai corrixir na liquidación do 2019 e no vindeiro ano; este é un dato importante porque é algo puntual, non é de carácter estrutural, e que pon de relevo que a situación económica da Deputación está saneada.

O incumprimento da regra de gasto, como tamén se pode ver no informe de Intervención, é por un importe total de 1.924.000 euros; e estivo provocado por varios motivos, un deles pola execución dos investimentos contemplados no Plan Extraordinario de rehabilitación de firmes que aínda se está levando a cabo, financiado cunha operación de tesouraría de 15.000.000 de euros; tamén pola execución de varias residencias da terceira idade; así como polo incremento salarial que se produciu ao persoal dos parques de bombeiros; e tamén polas encomendas da Deputación á Fundación TIC.

Polo tanto aplicar este plan económico financeiro significa a nivel práctico que a Deputación debe respectar o límite de gasto marcado polo Estado neste 2019 e no 2020, e unha vez aprobado será publicado e se lle remitirá á Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Con respecto a este punto, e como ben explicou a compañeira as causas da elaboración deste plan económico financeiro, cremos que hai que aprobalo e nós estamos a favor”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“A verdade é que é un mal asunto para esta Institución empezar o seu primeiro pleno da lexislatura con dous asuntos económicos negativos; sorpréndenos precisamente a opinión do BNG que na pasada lexislatura era moi crítico coa opción económica que decidiu no seu momento o equipo de goberno do Partido Socialista, e agora apoien incluso un plan económico financeiro que trae uns recortes de preto de millón e medio de euros. Mal asunto precisamente non só polo recoñecemento desa mala xestión que se fixo en certas circunstancias, senón polos recortes que vai traer despois.

Como ben dicía a voceira do Grupo Socialista, chegamos aquí porque se incumpre a regra de gasto, tódolos que fomos dalgún xeito mandatarios públicos nalgunha administración sabemos que é complexa esta circunstancia, pero incúmprese a Lei 2/2012 de estabilidade presupostaria e de sostenibilidade financeira de Administracións, e polo tanto hai que facer ese axuste; axuste que ven por desaxustes tanto en diferentes órganos na Deputación coma en distintos órganos.

Si é certo que, como di o informe, estánse levando a cabo as obras de arranxo de firmes; hai outras obras por case catro millóns de euros; están tamén os salarios; moitos son tamén compromisos que houbo co Partido Popular como por exemplo eses arranxos de firmes, pero nós comprometémonos con vostedes para apoialos nos Orzamentos pero que os fixeran ben e os xestionaran adecuadamente, non para que con elo veñan agora case que a desculparse de que por ter feito as cousas que pediu o Partido Popular incumprimos a regra de gasto.

Creo que ás veces as cousas vanse dando por si mesmas; empezamos esta lexislatura con dous asuntos económicos, pero é que o primeiro pleno que tivemos foi sobre as residencias; ó final case todo se ven dando ó mesmo sentido; parece que estes desaxustes económicos da anterior lexislatura vai ser o que vai condicionar á seguinte.



Queremos saber que medidas van levar a cabo para facer este plan económico financeiro, sabemos que van afectar ó Capítulo VI de investimentos, e queremoslle facer unha pregunta directa ó Sr. Presidente, quixéramos saber se eses máis de millón e medio de euros que vai ter que recurtar con este plan económico financeiro vai afectar a construción das residencias que se comprometeu no seu momento no pleno de investidura precisamente a non tocalas, ou en todo caso se non vai ser así de onde vai quitar ese millón e medio de euros. Gustaríanos que nos respostara o Presidente posto que cremos que é algo importante e que vai condicionar este exercicio”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“A Deputación supera a regra de gasto, que por certo foi algo que impuxo o goberno do Partido Popular cando gobernaban.

Vostede, como ex Alcalde, saberá que en moitos concellos se aproban estes plans económico financeiros, non só os derivados pola regra de gasto, que eu creo que é unha cuestión menor, porque vostede saberá que non é o mesmo incumprir a regra de gasto que incumprir a estabilidade orzamentaria; a min sucedeume o mesmo, cando gobernaba o Partido Popular en Trabada que nada máis chegar tivemos que aprobar un plan económico financeiro non por incumprirse a regra de gasto, non por ter atendido necesidades dos veciños e veciñas desta provincia, como foi mellorar as carreteras ou abrir e seguir construíndo as residencias e tamén atender demandas de determinados sectores como foron os bombeiros ou o persoal da Fundación Tic, senón por malgastar e por non facer unha xestión adecuada que foi o que levou a ese incumprimento de estabilidade orzamentaria tamén.

Neste caso estamos a falar de que incumprimos a regra de gasto, que é un plan económico financeiro moi sinxelo que en dous anos temos a previsión de atoparnos xa cumprindo a regra de gasto; e obviamente nós preferimos atender as necesidades dos nosos veciños, mellorar as súas infraestruturas, algo que tamén vostedes reivindicaban moito cando estaban na oposición, e eu creo que como ex Alcalde debería saber que non é algo estrutural senón que é algo puntual, e que dende logo non é nada preocupante porque a situación económica da Deputación está saneada”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“O señor Castiñeira fala da postura do BNG na lexislatura pasada, pois é curioso cando vostedes foron os que aprobaron estes Orzamentos e nós estivemos en contra. Teñen vostedes moito interese en discutir a lexislatura pasada, a que podemos considerar que foi unha lexislatura para esquecer en moitos aspectos.

Neste punto non queríamos entrar a abordar a lexislatura pasada porque non é o que se ven aprobar, o que se ven aprobar é unha ferramenta necesaria por lei como é o plan económico financeiro que necesitamos, e que ó noso entender está ben elaborado e en breve vai facer que volva estar en estabilidade esta Institución.

Pero nós non imos entrar en debates do pasado, é un tempo novo, imos camiñar cara ó futuro, e imos tratar de dignificar esta Institución, e non volver a debates pasados que vostedes están empeñados en volver, sentíanse moi a gusto na lexislatura pasada e isto non vai ser o mesmo.

Entonces a postura do BNG foi crítica, é evidente que algún problema de xestión houbo, pero non imos entrar agora nel; tráese aquí a aprobación do plan económico financeiro e nós imos estar a favor”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Ao señor Castro lémbrolle que a lexislatura pasada comezou cunha moción de censura na que o BNG e o Partido Socialista estaban de acordo en deixar de lado ó goberno da opción máis votada, despois pasou o que pasou pero tamén por culpa de vostedes. Foi o Partido Popular o que tivo que vir e poñer as cousas no seu sitio, e apoiar ó Partido Socialista, algo que o propio Partido Socialista non faría nunca; e dígollo por experiencia señora Mayra, e vostede o sabe, que nunca o Partido Socialista apoiou ningunha proposición económica do goberno popular que estaba en minoría en Foz.



Polo tanto é normal que vostedes queiran borrarse da memoria destes últimos catro anos, pero foron vostedes e o Partido Socialista os que nos trouxeron a estas circunstancias, a estas situacións económicas, e a isto de ter que empezar unha lexislatura cun pleno con dous asuntos económicos que non son favorables.

Señora Mayra, claro que recoñezo que efectivamente a regra de gasto moitos dos que aquí estamos a estamos a incumprir, é complexo e difícil e se queremos facer investimentos e cousas importantes nos nosos concellos ás veces hai que incumprila, eu fun o primeiro deles. Pero si que é certo que todas estas xestións hai que facelas con moderación, cun certo estudo, e neste caso o Partido Socialista ten que recoñecer que non o cumpriu no seu momento.

Polo tanto reiteramos as nosas preguntas Sr. Presidente, esperemos que estas afeccións non teñan que ver coas inversións que se van facer nas residencias nos próximos anos, e en todo caso que o Sr. Presidente nos informe en que vai reducir esas contías en inversión reais que propón este Plan Económico Financeiro”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, para manifestar o seguinte:

“Alégrame que recoñezan que é algo habitual na maioría das Administracións; se ben eu aquí tamén quero poñer de manifesto que comezamos a lexislatura deste xeito porque obviamente un goberno en funcións tampouco o podería aprobar, é algo que ven derivado de anos anteriores, e polo tanto non é como comeza a folla de ruta o goberno.

Isto é algo necesario que temos que facer, e que evidentemente este Presidente vai facer de forma que afecte na menor medida ás necesidades dos nosos veciños e veciñas. Polo tanto estean tranquilos co tema das residencias porque xa as temos abertas, están funcionando, os nosos maiores están nelas; vostede tamén sabe o difícil que é poñer en marcha estes servizos porque tamén ten unha residencia no seu concello, e evidentemente imos continuar traballando e sempre tendo como a nosa folla de ruta atender ás necesidades dos nosos veciños que é para o que estamos aquí”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 11 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE FACTURAS.

Logo de ver o ditame da Comisión de Economía, Recadación e Especial de Contas, do seguinte teor:

Pola Presidencia preséntase a seguinte proposta:

“ASUNTO: Aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial en relación coas facturas emitidas por Cecoagro Central de Compras, S.L. (Nº 6CR-10421, Nº 6CR-10422 e Nº 6CR-10424, todas elas de data 30/11/2016), as facturas emitidas por D. Luís Miguel Campo Fernández (Nº Emit-148 e Nº Rect-1 147, ambas de data 09/12/2016), e a factura emitida por Aira, S. Coop. Galega Nº Diputación 110, de data 30/11/2018.

PRIMEIRO.- *Visto o informe da Intervención Xeral de data 16/02/2019, e visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento de data 15/05/2019, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:*

“(…)

APARTADO PRIMEIRO

ANTECEDENTES EN RELACIÓN COAS FACTURAS EMITIDAS POR CECOAGRO CENTRAL DE COMPRAS, S.L. Nº 6CR-10421, Nº 6CR-10422 E Nº 6 CR-10424

Cecoagro Central de Compras, S.L., presentou no Rexistro de Facturas da Deputación Provincial de Lugo, as seguintes:



Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	DATA DE REXISTRO	Nº DE REXISTRO	CONCEPTO	IMPORTE
6CR-10421	30/11/2016	15/12/2016	2016/4395	Corbigran MG Big Bag. Bolsa Girasol. Millo Perform Force 50.000 sementes. Enmenda Caliza GDA Big Bag.	16.367,56 €
6CR-10422	30/11/2016	15/12/2016	2016/4394	Fertiland Millo 21-7-6 Big Bag. NAC 27% Fertimax Big Bag.	14.338,50 €
6CR-10424	30/11/2016	15/12/2016	2016/4396	Fórmula Especial Segá 2 20 Kg. Agroland Long Power 20 Kg. Agroland Maxicut Trío 20 Kg. Genoxone ZX 1 L. Calciphán Big Bag.	11.517,00 €
TOTAL					42.223,06 €

PRIMEIRO.- En cada unha das tres facturas relacionadas no cadro anterior, consta dilixencia da Dirección da Granxa Provincial, de que os servizos están prestados, incluíndo a conformidade coa cantidade e o prezo, constando tamén, a conformidade do Deputado Delegado da Área de Medio Rural, Mar e Medioambiente.

SEGUNDO.- Dende a Granxa Gayoso Castro emítonse as seguintes memorias xustificativas:

- *En data 01/09/2017, dúas memorias xustificativas, unha delas en relación coa factura Nº 6CR-10421, e a outra en relación coa factura Nº 6CR-10422, nas que se dí o seguinte:*

“(…).

O procedemento xurídico administrativo incumpríuse pola seguinte causa: O período de preparación dos terreos para facer unha sembra na Granxa Gayoso está moi determinado pola climatoloxía e habitualmente debe realizarse nun espazo moi curto de tempo para que as labores tanto de abonado como de laboreo do terreo sexan os axeitados; debido a eso non se puido realizar a proposta de gasto, e de non realizar a compra non se podería sementar o millo e non habería alimento para o gando....).

CUARTO.- Dadas as características do contrato no procede garantía.

QUINTO.- As unidades utilizadas son as estrictamente necesarias para a execución da prestación e os prezos aplicados son correctos e axeitados ao mercado.

(…).

- *En data 18/06/2018, a memoria xustificativa en relación coa factura Nº 6CR-10424, na que se dí o seguinte:*

“(…).

O procedemento xurídico administrativo incumpriuse polo seguinte motivo: O período de preparación do terreo con cal e abono para facer sementar na Granxa Gayoso está moi determinado pola climatoloxía e debe realizarse nun espazo corto de tempo e cando as previsións metereolóxicas o permiten, por isto houbo que adiantar segundo a climatoloxía a realización destas labores sen ter tramitado en tempo a proposta de gasto e de non realizar a compra con carácter urxente non se poderían xa realizar estas labores, e non se podería xa preveer alimento para o gando en tempo.

(…).

CUARTO.- Dadas as características do contrato no procede garantía.

QUINTO.- As unidades utilizadas son as estrictamente necesarias para a execución da prestación e os prezos aplicados son correctos e axeitados ao mercado.

(…).

TERCEIRO.- Constan informes deste Servizo (de data 26/03/2018 en relación coa factura Nº 6CR-10421, de data 28/08/2018 en relación coa factura Nº 6CR-10422, e de data 27/07/2018 en relación coa factura Nº 6CR-10424), acerca da aprobación do gasto, recoñecemento da obriga e pagamento, nos que se conclúe o seguinte:

Nos tres informes conclúese o seguinte:

“(…)

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, sempre que exista consignación orzamentaria axeitada e suficiente para facer fronte aos gasto(s) proposto(s), poderase recoñecer a obriga que as facturas representan e ordenar o seu pagamento, simultaneamente coa aprobación do(s) gasto(s), segundo o establecido na Base 8ª (...) das de execución do orzamento da Deputación Provincial de Lugo (...).

CUARTO.- Posteriormente, Intervención emitiu os seguintes informes:

- *Informe de data 08/11/2018 en relación coa factura Nº 6CR-10421:*

“Esta Intervención informa que, segundo a Base 4ª de execución do Orzamento de 2018, para a imputación ao crédito do exercicio 2018 da Factura 6CR-10421 de data 30/11/2016 de CECOAGRO CENTRAL DE COMPRAS, S.L. (B27284546) por importe de 15.315,53 € + 1.052,03 € (IVE deducible), non existía crédito dispoñible no exercicio de procedencia no saldo de vinculación da aplicación orzamentaria 16/4120.22199.”



- Informe de data 17/11/2018 en relación coa factura N° 6CR-10422:
“Esta intervención informa que, segundo a Base 4ª de execución do Orzamento de 2018, para a imputación ao crédito do exercicio 2018 da Factura 6CR-10422 de data 30/11/16 de CECOAGRO CENTRAL DE COMPRAS, S.L. (B27284546) por importe de 13.035,00 € + 1.303,50 € (IVE deducible), non existía saldo dispoñible na aplicación 16/4120.22199 do orzamento de gastos onde debería aplicarse este gasto, nin no nivel de vinculación que lle corresponde.”
- Informe de data 31/12/2018 en relación coa factura N° 6CR-10424:
“Esta intervención informa que, segundo a Base 4ª de execución do Orzamento de 2018, para a imputación ao crédito do exercicio 2018 da Factura 6CR-10424 de data 30/11/16 de CECOAGRO CENTRAL DE COMPRAS, S.L. (B27284546) por importe de 10.470,00 € + 1.047,00 € (IVE deducible), non existía crédito dispoñible no exercicio de procedencia no saldo de vinculación da aplicación orzamentaria 16/4120.22199.”

QUINTO.- Dende o Servizo de Contratación e Fomento, en data 20/12/2018, solicitouse á Granxa Gayoso Castro, informes motivando a necesidade das prestacións incluídas nas facturas N° 6CR-10421, N° 6CR-10422 e N° 6CR-10424, emitidas por Cecoagro Central de Compras, S.L. En resposta a ditas solicitudes, dende a Granxa Gayoso Castro, emitíronse os seguintes informes, todos eles en data 20/12/2018:

- Informe en relación coa factura N° 6CR-10421 de data 30/11/2016, no que se motiva a necesidade das prestacións nela incluídas, do seguinte xeito:
“A cal é necesaria para que o Ph do chan no que se vai a sementar o millo e xirasol sexa o axeitado. As sementes de millo e xirasol son necesarias para obter unha cosecha que posteriormente se ensilará para alimentación do gando da Granxa.”
- Informe en relación á factura N° 6CR-10422, de data 30/11/2016, no que se motiva a necesidade das prestacións nela incluídas, do seguinte xeito:
“Necesidade de aportar os nutrientes necesarios para o crecemento do millo e do xirasol sementado en parcelas da Granxa Gayoso Castro.”
- Informe en relación á factura N° 6CR-10424, de data 30/11/2016, no que se motiva a necesidade das prestacións nela incluídas, do seguinte xeito:

“Necesidade de renovar determinadas pradeiras da Granxa para obter herba de calidade e en cantidade nos anos seguintes á súa semente. Por outra banda, necesitouse herbicida para actuar contra malas herbas que había nalgunha parcela da Granxa Gayoso Castro.”

Así mesmo, constan tres informes do Servizo de Contratación e Fomento, todos eles de data 04/01/2018 (un informe para cada unha das facturas N° 6CR-10421, N° 6CR-10422 e N° 6CR-10424), nos que se xustifica a necesidade por parte do Órgano de Contratación.

SEXTO.- En data 28/12/2018, informe da Granxa Gayoso Castro, en relación coas ditas facturas, explicando a prestación realizada, o lugar, tempo e a causa respectiva:

FACTURAS EMITIDAS POR CECOAGRO CENTRAL DE COMPRAS, S.L.								
Nº FRA	IMP. FRA.	CONT. MENOR	IMP. MENOR	OBXEC. MENOR	PRESTAC FACTURA	LUGAR	TEMPO	CAUSA
6CR-10421	16.367,56 €	-	-	-	Cal. Semente de xirasol Semente de millo	Parcelas nas que se sementou millo no ano 2016.	Maio – Xuño do ano 2016	Foi necesaria a súa adquisición para o encalado dos terreos onde se sementou millo no ano 2016. A semente de xirasol e de millo foi precisa para poder sementar e dispor de alimentación complementaria para o gando da Granxa.
6CR-10422	14.338,50 €	-	-	-	Abono químico con alta concentración de nitróxeno.	Parcelas nas que se sementou millo e xirasol no ano 2016.	Maio-Xuño do ano 2016	Precisouse para aportar os nutrientes necesarios para o crecemento do millo.
6CR – 10424	11.517,00 €	-	-	-	Semente de herba Cal Herbicida	Parcelas nas que se botou cal e se sementou herba no mes de Outubro do 2016.	Outubro do ano 2016.	O herbicida (Genoxone) foi necesario para o seu uso nas parcelas que serven de patio exterior ás tenreiras frisonas, nas que había unhas especies arbustivas (entre outras extramonio). A semente de herba foi necesaria para renovar pradeiras e así obter unha maior produción de herba é dispor de alimentación complementaria para o gando da Granxa.

SÉTIMO.- O día 17/01/2019, a Dirección da Granxa Gayoso Castro, emitiu informe en relación con cinco facturas de Cecoagro Central de Compras, S.L., entre as que se atopan as N° 6CR-10421, N° 6CR-10422 e N° 6Cr-10424, no que se dí o seguinte:

“A unidade administrativa, ó ser un gasto de imputación ó orzamento do exercicio 2019, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gato en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”



OITAVO.- No informe de Intervención de data 07/12/2018, en relación con catro facturas de Cecoagro Central de Compras, S.L. (incluíndo a Nº 6CR-10421 e a Nº 6CR-10422), dise o seguinte:

“ (...).

- 1. Vista a relación que se achega das facturas de Cecoagro Central de Compras, S.L. dos anos 2016 e 2017, solicitamos informe do Servizo de Contratación e Fomento de que non se está alterando o obxecto do contrato, para aplicar as regras xerais de contratación.*
- 2. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral, na aplicación que se indica na relación anterior.*

Para a factura Nº 6CR-10422 de 30/11/16 e para a Nº 6CR-10421 de 30/11/16, segundo informe do Xefe do Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, non existía saldo dispoñible no orzamento de gastos onde debería aplicarse este gasto, nin no nivel de vinculación que lle corresponde; polo tanto debería tramitarse un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, acorde coa Base 20ª de Execución do Presuposto de 2018.

(...).

NOVENO.- Dende este Servizo, en data 07/01/2019, emitíuse o informe requirido por Intervención relacionado no punto anterior, en relación con oito facturas emitidas por Cecoagro Central de Compras, S.L. (Nº Emit-6394 de data 30/11/2016, Nº 6CR-0006393 de data 13/07/2016, Nº 8CR-0000742 de data 31/01/2018, Nº 6CR-10424 de data 30/11/2016, Nº 6CR-10422 de data 30/11/2016, Nº Emit-6397 de data 30/11/2016, Nº 6CR-10421 de data 30/11/2016, Nº 7CR-0010576), no que se conclúe o seguinte:

“(...)

- 1) As operacións realizadas con operativas e con funcións técnicas distintas: Non é o mesmo sementar que recoller. A causa inmediata e diversa en cada unha das facturas, aínda que o fin global sexa o mesmo, nos termos descritos no cadro que figura no antecedente V deste informe.*
- 2) Antes da entrada en vigor da LCSP e ante as dificultades de adaptar o funcionamento específico dunha granxa, tendo en conta as tarefas a desenvolver e a variabilidade das decisións a tomar en función dos cambios climatolóxicos, cabería soster a autonomía destas operacións a efectos contractuais (da non existencia de fraccionamento).*

3) Unha vez vixente a LCSP, deben implantarse os mecanismos enumerados de racionalización técnica da contratación para evitar estas situacións.”

DÉCIMO.- Segundo declaración responsable asinada en modelo normalizado polo representante da entidade Cecoagro Central de Compras, S.L. en data 15/10/2018, dita entidade ten plena capacidade de obrar e a habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

APARTADO SEGUNDO

ANTECEDENTES EN RELACIÓN COAS FACTURAS EMITIDAS POR D. LUIS MIGUEL CAMPO FERNÁNDEZ Nº EMIT 148 E Nº 1 147

D. Luís Miguel Campo Fernández, presentou no Rexistro de Facturas da Deputación Provincial de Lugo, as seguintes:

Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	DATA DE REXISTRO	Nº DE REXISTRO	CONCEPTO	IMPORTE
Emit-148	09/12/2016	21/12/2016	2016/4526	Sulfatar un pase con herbicida premerxencia. Laboreo de terra con arado de vertedera. Pase de grada rotativa. Sementado de millo. Sulfatar un pase con herbicida.	15.354,90 €
Rect - 1 147	09/12/2016	22/12/2016	2016/4524	Segado de herba e acordonado. Ensilado de herba.	13.739,55 €
TOTAL					29.094,45 €

PRIMEIRO.- En cada unha das dúas facturas relacionadas no cadro anterior, consta dilixencia do Director da Granxa Provincial, de que os servizos están prestados, incluíndo a conformidade coa cantidade e o prezo, constando tamén, a conformidade do Deputado Delegado da Área de Medio Rural, Mar e Medioambiente.

SEGUNDO.- Dende a Granxa Gayoso Castro emitíronse as seguintes memorias xustificativas:



- *En data 21/02/2017, a memoria xustificativa en relación coa factura N° Emit-148, na que se dí o seguinte:*

“(…).

O procedemento xurídico administrativo incumpriuse polo seguinte motivo: Dadas as condicións do terreo (excesiva humidade que dificultaba os traballos de preparación do terreo para o sementado) non foi posible determinar a superficie na que se podía sementar o millo, e polo mesmo era imposible formular unha proposta de gasto antes de proceder ó sementado.

(…).

TERCEIRO.- O importe da prestación realizada é de 15.354,90 €.

CUARTO.- Dadas as características do contrato no procede garantía.

QUINTO.- As unidades utilizadas son as estrictamente necesarias para a execución da prestación e os prezos aplicados son correctos e axeitados ao mercado.

(…).

- *En data 26/06/2018, a memoria xustificativa en relación coa factura N° Rect-1 147, na que se dí o seguinte:*

“(…).

O procedemento xurídico administrativo incumpriuse polo seguinte motivo: O período de segado da herba, para enxilado xeneralmente pódese definir con anterioridade da execución do traballo, polo que se procedeu a facer unha proposta de gasto, pero imprevisiblemente como esta labor está moi determinada pola climatoloxía e debe realizarse nun espazo corto de tempo e cando as previsións metereolóxicas o permiten, por isto houbo que adiantar segundo a climatoloxía a realización destas labores sen ter aprobada en tempo a proposta de gasto, e de non contratar en tempo e con carácter urxente a realización desta tarefa, votárase a perder a plantación de herba preparada para o segado e enxilado, e non se podería xa prever alimento para o gando.

(…).

TERCEIRO.- O importe da prestación realizada é de 13.739,55 €.

CUARTO.- Dadas as características do contrato no procede garantía.

QUINTO.- As unidades utilizadas son as estrictamente necesarias para a execución da prestación e os prezos aplicados son correctos e axeitados ao mercado.

(…).

TERCEIRO.- Constan os seguintes informes deste Servizo, en relación coa aprobación do gasto, recoñecemento da obriga e pagamento:

- *Informe de data 06/03/2017, en relación con dúas facturas emitidas por D. Luís Miguel Campo Fernández, unha delas, a N° Emit-148, de data 09/12/2016.*
- *Informe de data 12/02/2019, en relación coa factura N° Rect-1 147 de data 09/12/2016, emitida por D. Luís Miguel Campo Fernández, no que se solicita consignación orzamentaria para continuar coa tramitación da mesma, por un importe total de 13.739,55 €, de acordo co procedemento establecido na Base 20.1 das de execución do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, ou ben por aquel procedemento que determine a Intervención Xeral.*

Asimesmo, neste informe tamén se dí que a data de realización das prestacións incluídas nesta factura (e tamén na data de emisión da mesma), é anterior á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), de modo que neste caso non existe o límite cuantitativo (causa especial, de incompatibilidade), do artigo 118.3 da LCSP.

En ambos informes conclúese o seguinte:

“(…)

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, sempre que exista consignación orzamentaria axeitada e suficiente para facer fronte aos gasto(s) proposto(s), poderase recoñecer a obriga que as facturas representan e ordenar o seu pagamento, simultaneamente coa aprobación do(s) gasto(s), segundo o establecido na Base 8ª (...) das de execución do orzamento da Deputación Provincial de Lugo (...).

CUARTO.- Dende o Servizo de Contratación e Fomento, solicitouse á Granxa Gayoso Castro, informes motivando a necesidade das prestacións incluídas nas facturas N° Emit-148 (solicitud de data 18/12/2018) e N° Rect-1 147 (solicitud de data 06/11/2018) emitidas por D. Luís Miguel Campo Fernández.

En resposta a ditas solicitudes, dende a Granxa Gayoso Castro, emitíronse os seguintes informes:

- *En data 18/12/2018, o correspondente á factura N° Emit-148 de data 09/12/2016, no que se motiva a necesidade das prestacións nela incluídas, do seguinte xeito:*

“Preparación da terra, sementado de millo e xirasol e outras accións complementarias, co fin de obter millo e xirasol para posterior ensilado para alimentación do gando da Granxa Gayoso Castro.”



- En data 14/11/2018, o correspondente á factura N° Rect – 1 147, de data 09/12/2016, no que se motiva a necesidade das prestacións nela incluídas, do seguinte xeito:

“Que se considera a necesidade de contratar a encomenda de acordonar e ensilar a herba á empresa de D. Luís Miguel Campo Fernández, para proveer de alimento e almacénalo para a temporada de inverno para o gando, xa que entre as función que se desempeñan na Granxa Provincial Gayoso Castro, ésta non se pode realizar porque non hai a maquinaria necesaria nin específica para tal efecto.”

QUINTO.- En informe da Granxa Gayoso Castro de data 18/12/2018, referente a estas facturas, explícase a prestación realizada, o lugar e tempo en que se executaron, e a causa respectiva:

FACTURAS EMITIDAS POR D. LUÍS MIGUEL CAMPO FERNÁNDEZ								
Nº FRA	IMPORTE FACTURA	CONT. MENOR	IMP. MENOR	CONC. MENOR	CONC.PTO	LUGAR	TEMPO	CAUSA
Emit-148	15.354,90 €	-	-	-	Laboreo de terra, sementado de millo e xirasol, e sulfatar con herbicida en pre-emerxencia e post-emerxencia.	Parcelas nas que se sementou millo e xirasol.	Maio – Xuño do ano 2016.	Sementar millo e xirasol.
Rect- 1 147	13.739,55 €	-	-	-	Segado, acordado e ensilado de herba.	Parcelas nas que se ensilou herba no ano 2016.	Abril-Maio do ano 2016.	Recolectar e ensilar herba para a posterior alimentación do gando da Granxa.

SEXTO.- O día 17/01/2019, a Dirección da Granxa Gayoso Castro, emitiu informe en relación con cinco facturas de D. Luís Miguel Campo Fernández, entre as que se atopan as N° Emit-148 e N° Rect-1 147, no que se dí o seguinte:

“A unidade administrativa, ó ser un gasto de imputación ó orzamento do exercicio 2019, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gato en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

SÉTIMO.- Dende este Servizo, en data 12/02/2019, emitiuse informe en relación con cinco facturas emitidas por D. Luís Miguel Campo Fernández (N° 1 151 de data 12/12/2016; N° 1-000089 de data 16/08/2016; N° Emit148, N° Rect-1 147, e N° 1 149, todas elas de data 09/12/2016; e N° Rect-17 93 de data 07/09/2017), no que se conclúe o seguinte:

“(…)

- 1) *As operacións realizadas con operativas e con funcións técnicas distintas: A recolección de cada produto presenta singularidades. A causa inmediata e diversa en cada unha das facturas, aínda que o fin global sexa o mesmo, nos termos descritos no cadro que figura no punto “Primeiro” do apartado “IV” dos antecedentes deste informe. Unha das facturas é de anualidade diferente.*
- 2) *Antes da entrada en vigor da LCSP e ante as dificultades de adaptar o funcionamento específico dunha granxa, tendo en conta as tarefas a desenvolver e a variabilidade das decisións a tomar en función dos cambios climatolóxicos, cabería soste a autonomía destas operacións a efectos contractuais (da non existencia de fraccionamento).*
- 3) *Unha vez vixente a LCSP, deben implantarse os mecanismos enumerados de racionalización técnica da contratación para evitar estas situacións.”*

OITAVO.- Segundo declaración responsable asinada en modelo normalizado por D. Luís Miguel Campo Fernández en data 17/01/2019, dita persoa ten plena capacidade de obrar e a habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, non se atopa incurso na prohibición de contratar, está ao corrente no cumprimento das obrigas tributariase coa Seguridade Social, non ten débedas pendentes con esta Deputación, atópase de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

APARTADO TERCEIRO

ANTECEDENTES COMÚNS ÁS FACTURAS RELACIONADAS NOS APARTADOS PRIMEIRO E SEGUNDO DESTE INFORME

No informe da Intervención Xeral desta Deputación, de data 19/02/2019, en relación co “Recoñecemento extraxudicial de crédito no ano 2019”, en relación coas facturas relacionadas no “Apartado Primeiro” e no “Apartado Segundo” deste informe (as emitidas por Cecoagro Central de Compras, S.L. Nº 6CR-10421 de data 30/11/2016, 6CR-10422 de data 30/11/2016 e 6CR-10424, de data 30/11/2016, así como as emitidas por D. Luís Miguel Campo Fernández Nº Emit-148 de data 09/12/2016 e Rect – 1 147 de data 09/12/2016), dise o seguinte:

“(…)

Relación de facturas obxecto de recoñecemento extraxudicial de crédito:



ACREEDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN	APUNTE CONTABLE
Luis Miguel Campo Fernández	Emit-148	09/12/16	15.354,90	4120.22799	92019/1734
Luis Miguel Campo Fernández	Rect-I 147	09/12/16	13.739,55	4120.22799	92019/1732
Cecoagro Central de Compras, S.L.	6CR-10421	30/11/16	16.367,56	4120.22199	92019/1305
Cecoagro Central de Compras, S.L.	6CR-10422	30/11/16	14.338,50	4120.22199	92019/1307
Cecoagro Central de Compras, S.L.	6CR-10424	30/11/16	11.517,00	4120.22199	92019/1606
SUMA			71.317,51		

(...)

Segundo: No expediente que nos atopamos, trátase de gastos efectuados en anos anteriores, con insuficiencia de consignación orzamentaria no ano de procedencia incumprindo a normativa orzamentaria, si ben teñen cobertura como contratos menores.

Os contratos menores están exentos de fiscalización previa, segundo dispón o artigo 219.1 do TRLRFL e artigo 17 do RD 424/2017, e sometidos a intervención previa na fase de recoñecemento da obriga, regulada con carácter xeral no artigo 59 do RD 500/1990 e artigo 18 do RD 424/2017.

A fase do recoñecemento da obriga é na que o órgano interventor comproba xunto cos aspectos básicos de existencia de crédito e competencia do órgano, o cumprimento dos requisitos esixibles, no presente caso, na lexislación contractual. A obriga a de estar documentada mediante a correspondente factura que acredite a realización da prestación ou o dereito do acreedor de conformidade cos acordos que autorizaron e comprometeron o gasto.

A base 17 de execución do Orzamento xeral dos anos 2016 e 2017 “Gastos ou Contratos Menores” esixen á unidade administrativa proponente o deber de comprobar a existencia de crédito axeitado e suficiente para afrontar o gasto que leve consigo a proposta de adjudicación.

Ponse de manifesto a desconformidade con reparo de legalidade suspensivo, derivado da aplicación do disposto no artigo 216.2.a) do TRLRFL, é dicir, pola insuficiencia de crédito, de todas as facturas anteriores. De existir discrepancias, corresponde ao Pleno resolvelas, artigo 217.2 a) TRLRFL e 15.2a) do RD 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, formulará ó Pleno da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada por escrito, con cita dos preceptos legais nos que sustenta o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia, en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo Órgano de Control. A resolución da discrepancia é indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, e terá natureza executiva.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.

Terceiro: No noso réxime orzamentario existen dous principios de observancia inapelable cales son os de anualidade e de previa existencia de crédito orzamentario. A aplicación destes principios está en íntima relación cos principios de especialidade cualitativa e cuantitativa dos créditos do estado de gastos.

A ausencia de crédito orzamentario no ano de procedencia provoca a nulidade radical do gasto efectuado e a inicial imposibilidade de proceder a unha imputación orzamentaria (tendo en conta que o crédito non existe a lo menos inicialmente). O artigo 173.5 do TRLRFL dispón: <non procederán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ao importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar>. No mesmo senso, o artigo 32 do TRLCSP nos casos de carencia ou insuficiencia de crédito.

Non obstante, tendo en conta que os gastos que nos ocupan son contratos menores, non existe un acto administrativo expreso de compromiso de gasto e trátase de atención provinciais que por equidade e pola doutrina xurisprudencial que prohíbe o enriquecemento inxusto, deben ser satisfeitas aos acreedores, cunha indemnización substitutiva a favor do terceiro interesado, exclusivamente polo valor dos gastos ocasionados pola realización da prestación, sen que se estime que exista responsabilidade esixible, por non producirse prexuízo coñecido para os interese provinciais.

(...)



Cuarto: O recoñecemento extraxudicial permite en sede administrativa recoñecer xurídicamente gastos que a Administración valida dando así eficacia a ditos gastos, e efectúa isto por si mesma sen necesidade de ser requirida para ese efecto por instancia xudicial. A doutrina mais recente, nos supostos de nulidade, indica a procedencia de iniciar polo órgano de contratación e de forma motivada o procedemento de revisión de oficio para posteriormente solicitar ditame do órgano consultivo. Si este é favorable, procederá a declaración de nulidade do acto, na que se fixará o importe da débeda a recoñecer ó contratista.

En todo caso, debe utilizarse de forma excepcional, xa que se trata dunha forma anormal de tramitar os gastos e non para realizar sistemáticamente gastos sen a suficiente consignación orzamentaria.

A Intervención Xeral da Administración do Estado (en adiante IGAE), ten regulado na súa Circular 3/1996 que a procedencia da devandita revisión será apreciada polo Interventor atendendo a se se realizaron ou non as prestacións (a falta de prestacións impide o enriquecemento inxusto), o carácter destas e a súa valoración (se se realizaron de boa fe e a prezos de mercado), así como dos incumprimentos legais que se produciron. Dado que o artigo 52 da Lei 39/2015, do 1 de outubro LPACAP, impide a validación de actos nulos de pleno dereito, o resultado da revisión deste tipo de actos materializárase pola vía da indemnización de danos e prexuízos derivada da responsabilidade patrimonial da Administración, ao terse producido un enriquecemento inxusto no seu favor: por razóns de economía procesual, só será pertinente instar dita revisión cando sexa presumible que o importe das devanditas indemnizacións vaia ser inferior ao que se propón.

Do mesmo xeito, prevé o artigo 28.2.e) do RD 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, en relación á omisión da función interventora cando é preceptiva.

A base 20.1 de execución do orzamento 2019 regula o procedemento e os trámites a seguir para o recoñecemento extraxudicial de crédito, e esixe:

- a) Recoñecemento da obriga, mediante a explicitación circunstanciada de todos os condicionamentos que orixinaron a actuación irregular, motivando a necesidade de propoñer unha indemnización substitutiva a favor dun terceiro interesado, exclusivamente polo valor dos gastos ocasionados pola realización da prestación.*
- b) Existencia de dotación orzamentaria específica, axeitada e suficiente para a imputación do respectivo gasto.*

A dotación orzamentaria, require informe do órgano de xestión competente acreditando a posible imputación do gasto sen que se produza prexuízo nin ningunha limitación para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte aplicación orzamentaria.

A competencia para o recoñecemento extraxudicial de créditos corresponde ao Pleno desta Deputación.

O expediente deberá conter a documentación recollida no apartado 20.1.4 da citada base nº 20.

CONCLUSIÓNS

- 1. O Órgano competente para aprobar o presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito levantado o reparo de legalidade é o Pleno, con cargo ás aplicacións orzamentarias que figuran na relación das mesmas, pola vía da indemnización de danos e prexuízos (artigo 60.2 do RD 500/1990 e base 20.1 de execución do orzamento), previa documentación recollida no apartado 20.1.4 da citada base.”*

CONSIDERACIONES XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS

PRIMEIRA.- *A Disposición Transitoria Primeira “Expedientes iniciados e contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor desta Lei”, da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), no apartado 2º precisa que “Os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior”:* isto é, polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP).

Xa que logo, non opera o límite cuantitativo, como causa especial de incompatibilidade do artigo 118.3 da LCSP.

Se ben é certo que non houbo adxudicación, no que respecta ás tres facturas de Cecoagro Central de Compras, S.L. (Nº 6CR-10421, Nº 6CR-10422 e Nº 6CR-10424), e ás dúas facturas de D. Luís Miguel Campo Fernández (Nº Emit-148 e Nº Rect- 1 147), pero sí que houbo execución das prestacións incluídas nas mesmas, e incorporación das facturas con data anterior ao 9 de marzo



do 2018, data esta de entrada en vigor da nova Lei (LCSP), polo tanto entendemos que cómpre citar a lexislación anterior, é dicir, o TRLCSP.

SEGUNDA.- No artigo 28.1 do TRLCSP “Carácter formal da contratación do Sector Público”, recóllese a prohibición de contratar verbalmente

“1. Os entes, organismos e entidades do sector público non poderán contratar verbalmente, salvo que o contrato teña, conforme ao sinalado no artigo 113.1 carácter de emerxencia.

(...).”

Así mesmo, ese mesmo precepto matiza que tal previsión debe entenderse sen prexuízo do sinalado para os contratos menores no artigo 111 dese mesmo texto legal, en cuxo parágrafo primeiro sinala o seguinte:

“1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente solo esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

(...).”

O artigo 72 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público, dispón que

“1. Nos contratos menores poderá facer as veces de documento contractual a factura pertinente, que deberá conter os datos e requisitos establecidos no Real Decreto 2402/1985, do 18 de decembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar factura que incumbe aos empresarios e profesionais. En todo caso, a factura deberá conter as seguintes mencións:

- a) Número e, no seu caso, serie. A numeración das facturas será correlativa.
- b) Nome e apelido ou denominación social, nº de identificación fiscal e domicilio do expedidor.
- c) Órgano que celebra o contrato, con identificación da súa dirección e do número de identificación fiscal.
- d) Descrición do obxecto do contrato, con expresión do servizo ao que vaia destinado.
- e) Prezo do contrato.
- f) Lugar e data da súa emisión.
- g) Sinatura do funcionario que acredite a recepción.

(...).”

En calquera caso, resulta de aplicación o Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, en cuxo artigo nº 6 se detallan os datos que debe conter toda factura, sen perxuízo dos que puideran ser obrigatorios a outros efectos, e da posibilidade de incluír calquera outras mencións.

Polo tanto, a contratación no Sector Público é de carácter formal, tal e como declara o artigo 28.1 do TRLCSP, prohibíndose de forma expresa a contratación verbal, reservándose solo no caso excepcional da tramitación de emerxencia, que se reserva para supostos límite como acontecementos catastróficos, situacións que supoñan grave perigo ou necesidades que afecten á defensa nacional.

Non obstante, a xurisprudencia (salientando neste caso a Sentenza do Tribunal Supremo do 20 de decembro de 1995 – Aranzadi RJ 1995/8989), tense pronunciado ao respecto do seguinte xeito:

“(…) a forma, por moi importante que sexa, non constitúe en sí mesma un fin, senon que é un instrumento de control da actividade administrativa establecido en previsión de que sexan satisfeitas as esixencias concretas dos obxectivos que dita actividade persegue en realización dos intereses colectivos que lle está encomendada á Administración actuante, e por elo, a consecuencia anulativa que por regra xeral pode derivarse do incumprimento das formalidades impostas á contratación administrativa debe evitarse naqueles supostos en que a infracción formal é meramente rituarial por aparecer acreditada no expediente, de maneira notoria e incuestionable (como no caso enxuciado sucede), que a específica finalidade da forma incumplida foi realmente satisfeita.”

***TERCEIRA.**- O principio de anualidade, atópase recollido no punto primeiro do artigo 176 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante TRLRFL), no que se estipula o seguinte:*

“1. Con cargo aos créditos do estado de gastos de cada orzamento solo poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.”

Non obstante, existen excepcións a este principio de anualidade, previstas no apartado 2 do mesmo precepto, segundo o cal, aplicaranse aos créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas seguintes:

“(…)



b) As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores, previa incorporación dos créditos no suposto establecido no artigo 182.3.”

É dicir, cando se trate de créditos que amporen proxectos con financiación afectada.

Esto supón, polo tanto, que as obrigas deben imputarse ao orzamento do exercicio no que se produce o acto administrativo de recoñemento de aquelas, con independencia de que a prestación así como a factura correspondan ao/s exercicio/s anterior/es.

CUARTA.- Ademáis das dúas excepcións anteriores ao principio de temporalidade dos créditos, o artigo 26 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais (en diante RD 500/1990), en materia de orzamentos, recolle unha terceira excepción:

“1. Con cargo aos créditos do estado de gastos de cada Orzamento solo poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demáis prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario (artigo 157.1 LRFL).

2. Non obstante o disposto no apartado anterior, aplicaranse aos créditos do Orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas seguintes:

(...)

c) As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do presente Real Decreto.”

QUINTA.- No artigo 60.2 do RD 500/1990, estipúlase o seguinte:

“(...

2. Corresponderá ao Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria, operacións especiais de crédito ou concesións de quita e espera.

(...)”.

No informe de intervención en relación con cada unha das facturas que nos ocupan, constátase que no momento de executarse as prestacións, non existía consignación orzamentaria.

SEXTA.- No artigo 23 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, establécese o seguinte:

“1. Ademáis das sinaladas no artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, corresponden ao Pleno, unha vez constituído conforme ó disposto na lexislación electoral, as seguintes atribucións:

e) O recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria, operación de crédito ou concesión de quinta e espera.

(...).

2. No exercicio das atribucións establecidas no número anterior será delegable, salvo nos supostos previstos no artigo 47 da Lei 7/1985, do 2 de abril.”

SÉTIMA.- No punto 1.3 da Base Nº 20 das de Execución do Orzamento desta Deputación para o ano 2019, recóllese que:

“A competencia para o recoñecemento extraxudicial de créditos corresponde ó Pleno, Consello de Administración ou Padroados, segundo proceda.”

OITAVA.- Examinado o articulado anteriormente exposto, salienta que o recoñecemento extraxudicial de créditos inclúese entre as excepcións á vinculación temporal dos créditos, polo tanto, a través desta figura impútanse aos créditos do exercicio corrente, no momento do seu recoñecemento, obrigas xeradas en exercicios anteriores, que non se derivan de compromisos de gastos debidamente adquiridos.

En virtude do anterior, os supostos máis claros e admitidos de tramitación dun expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, son aqueles nos que se realizaron gastos orzamentarios en exercicios anteriores sen consignación orzamentaria e, en consecuencia, as súas respectivas obrigas no puideron ser recoñecidas con cargo ao orzamento correspondente, polo que deberán aplicarse ó orzamento vixente previa tramitación do expediente oportuno. Tal é o caso que nos ocupa.

Nembargantes, salienta que o recoñecemento extraxudicial constitúe unha excepción que se contempla para situacións puntuais irregulares e non como unha posibilidade regulada, para realizar sistematicamente gastos sen a suficiente consignación orzamentaria, debéndose evitar no posible a utilización desta figura.

NOVENA.- Por outra banda, o recoñecemento extraxudicial de créditos, precisa en todo caso da tramitación do oportuno expediente, esixencia establecida con carácter xeral polo artigo 34 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ó dispor que:



“1. Os actos administrativos que dicten as Administracións Públicas, ben de oficio ou a instancia do interesado, produciranse polo órgano competente axustándose aos requisitos e ao procedemento establecido.

(...).”

DÉCIMA- Cabe citar a Instrucción 2/2012, do 12 de marzo da Interventora Xeral e da Directora da Abogacía sobre a tramitación a seguir nos supostos de recoñecemento extraxudicial de créditos derivados da contratación irregular (Illes Balears), na que se dí entre outras cousas, o seguinte:

“Con certa frecuencia obsérvase que chegan ao Consello de Goberno propostas de acordo de recoñecemento extraxudicial de crédito para evitar o enriquecemento inxusto da Administración no ámbito contractual. Na maioría dos casos trátase dunha contratación verbal, referida a novas prestacións ou proxectos modificados e complementarios sen seguir os procedementos esixidos pola normativa de contratación. Noutros casos, seguiuise un procedemento, aínda que totalmente diferente ao legalmente establecido. Todos, en definitiva, responden á situación en que unha empresa presenta unha factura e a Administración, que acepta a prestación, a pesar de que non existe procedemento contractual que lle sirva de cobertura, busca unha solución xurídica e acude ao recoñecemento extraxudicial de crédito.

(...)

A tramitación que se sigue ata agora consiste xeralmente en que o centro xestor incoa un expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito cunha memoria explicativa das circunstancias que concurren en cada suposto. Na documentación inclúese un informe xurídico en relación coa necesidade de evitar o enriquecemento inxusto da Administración e, xunto coas facturas conformadas, a acreditación da existencia de crédito e un informe da Intervención Xeral que non entra no fondo do asunto, elévase a proposta de acordo ao Consello de Goberno que recoñece extraxudicialmente o crédito indebidamente contraído. Esta tramitación é utilizada igualmetne por outras administracións.

(...)

Nos contratos menores non hai ningún procedemento para a súa adxudicación que efectúe de maneira directa o órgano de contratación, de acordo co artigo 138.3 do TRLCSP. En consecuencia, non se pode entender que se prescindiu total e absolutamente do procedemento establecido cando se executou o contrato menor sen a aprobación previa do gasto, esixido para estos contratos segundo o artigo 11 do TRLCSP. Esta ausencia comporta un vicio de anulabilidade

que pode validar o órgano competente, de acordo co artigo 67 da LRXAP-PAC, no momento de reflexar contablemente o recoñecemento da obriga e a proposta de pago.

Cando o vicio do acto se orixinase por falta de capacidade de actuar ou de solvencia do adxudicatario, porque ten prohibido contratar, pola falta ou insuficiencia de crédito axeitado – de conformidade co que establece a normativa orzamentaria vixente aplicable por algunha das causas indicadas no artigo 62.1 da LRXAP-PAC (nos contratos, fundamentalmente ter prescindido total e absolutamente do procedemento establecido), non é posible a validación nin polo órgano de contratación nin polo Consello de Goberno ou calquera outro órgano.

(...).”

Este último será o suposto, por falta de crédito axeitado, de modo que para evitar o enriquecemento inxusto, solo quendan tres vías, a do recoñecemento extraxudicial do crédito ou exporse a unha reclamación xudicial, e a revisión de oficio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O recoñecemento extraxudicial de créditos, contéplase no punto primeiro da Base Nº 20 das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, na que se dí entre outras cousas, o seguinte:

“(...).

1.4 O expediente para o recoñecemento da obriga deberá conter, como mínimo, os seguintes documentos:

- a)** Memoria xustificativa subscrita polo responsable do Servizo sobre os seguintes extremos:
 - Xustificación da necesidade do gasto efectuado e as causas polas que se incumpriu o procedemento xurídico – administrativo correspondente.
 - Data ou período de realización.
 - Importe da prestación realizada.
 - Garantías que procedan ou dispensa motivada destas.
 - Informe de valoración do que se deduza que as unidades utilizadas son as estritamente necesarias para a execución da prestación e que os prezos aplicados son correctos e axeitados ó mercado.
- b)** Factura detallada ou documento acreditativo do dereito do acreedor ou da realización da prestación debidamente conformados polos responsables do Servizo e, se é o caso, certificación de obra.



- c) *Informe do Servizo correspondente, nos casos de imputación ó Orzamento do exercicio corrente, de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da aplicación orzamentaria durante todo o ano en curso.*
- d) *Informe do Servizo correspondente, cando non exista dotación no Orzamento inicial, sobre da tramitación da modificación de crédito necesaria.*
- e) *Informe do Servizo de Contratación e Fomento.*
- f) *Informe da Intervención Xeral.*
- g) *Calquera outro documento que se estime necesario para unha mellor xustificación do gasto.”*

DÉCIMO SEGUNDA.- *Suscitouse por algúns operadores a opción do procedemento de revisión de oficio, previsto no artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (antigo artigo 102 da Lei 30/1992, do 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común), establece no seu punto primeiro, que as Administracións Públicas, en calquera momento, por iniciativa propia ou a solicitude do interesado, e previo dictamen favorable do Consello de Estado ou Órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, se o houbere, declarararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que puxesen fin á vía administrativa ou que non fosen recurridos en prazo, nos supostos previstos no artigo 47.1 (antigo artigo 62.1 da Lei 30/1992). Agora ben, no punto terceiro do mesmo precepto, dispónse que as Administracións Públicas, ao declarar a nulidade dunha disposición ou acto, poderán establecer, na mesma resolución, as indemnizacións que proceda recoñecer aos interesados, se se dan as circunstancias previstas nos artigos 32.2 e 34.1 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público (antigos artigos 139.2 e 141.1 da Lei 30/1992), se perxuízo de que, tratándose dunha disposición, subsistan os actos firmes ditados en aplicación da mesma.*

DÉCIMO TERCEIRA.- *A este respecto, cabe destacar que a Intervención Xeral da Administración do Estado, ten defendido na súa Circular 3/1996 que a procedencia da devandita revisión será apreciada polo interventor, atendendo a se se realizaron ou non as prestacións (a falta de prestacións impide o enriquecemento inxusto), o carácter destas e a súa valoración (se se realizaron de boa fé e a prezos de mercado), así como dos incumprimentos legais que se produciron. Dado que o artigo 52 da Lei 39/2015, do 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), impide a convalidación de actos*

nulos de pleno dereito, o resultado da revisión deste tipo de actos, materialízase pola vía da indemnización de danos e prexuízos derivada da responsabilidade patrimonial da Administración, ao terse producido un enriquecemento inxusto no seu favor; por razóns de economía procesual, só será pertinente instar dita revisión cando sexa presumible que o importe das devanditas indemnizacións vaia ser inferior ao que se propón.

Do mesmo xeito, o artigo 28.2e) do RD 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, en relación á omisión da función interventora cando é preceptiva, dispón:

“Posibilidade e conveniencia de revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento, que será apreciada polo interventor en función de se se realizaron ou non as pretacións, o carácter destas e a súa valoración, así como dos incumprimentos legais que se tivesen producido. Para elo, terase en conta que o resultado da revisión do acto materializarase acudindo á vía de indemnización de danos e perxuízos derivada da responsabilidade patrimonial da Administración como consecuencia de terse producido un enriquecemento inxusto ao seu favor ou de incumprir a obriga ao seu cargo, polo que, por razóns de economía procesal, solo sería pertinente instar dita revisión cando sexa presumible que o importe de ditas indemnizacións fora inferior ao que se propón.”

DÉCIMO CUARTA.- Asimesmo, no tocante á revisión de oficio, con independencia dalgún vaivén un recíntísimo informe do Consello Consultivo de Galicia (CCG 163/2019), sostén que o recoñecemento extraxudicial de créditos, configurado no Art. 60.2 do RD 500/1990, do 20 de abril, como un procedemento de natureza orzamentaria dirixido a posibilitar o pagamento dun gasto para o que non se contemplaba dotación orzamentaria e para o cal se atribúe ao Pleno da Entidade Local a competencia para declarar a existencia dun crédito contra ela, móvese en plano distinto do procedemento de revisión de oficio , concebido este como forma de revogación pola administración dos seus propios actos por razóns de legalidade.

A potestade de poñer en marcha o mecanismo do recoñecemento extraxudicial de crédito concirne á existencia dun crédito contra a entidade local para o atendimento do cal non existe dotación orzamentaria, o que é independente de que na orixe dese crédito se atope un acto susceptible de ser sometido ao procedemento de revisión de oficio por apreciarse en tal acto un vicio encadrable nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito.

É posible que se advirta a presenza dunha causa de nulidade de pleno dereito na contracción do crédito, pero iso non arrastra como inevitable consecuencia que non exista a



posibilidade de recoñecer aquel (o crédito), sen unha previa anulación do acto que amparou a prestación do contratista (...).

O artigo 41.1 da propia LCSP/2017 (antes o artigo 32 do TRLCSP) abunda na idea de que a presenza dunha causa de nulidade na contracción do crédito non faculta nin obriga , en todo caso ao órgano (neste caso Pleno), a seguir o procedemento de revisión de oficio. A remisión efectuada, en bloque ao capítulo I do Título V da Lei 39/2015, do 1 de outubro (ou o precedente da Lei 30/1992, do 26 de novembro), inclúe ao artigo 110 da vixente LPAC, que establece diversos límites ás facultades de revisión de oficio, tales como a vulneración da equidade, a boa fe, o dereito dos particulares ou das leis (...).

DÉCIMO QUINTA.- Na “Revista de Administración Pública” número 168 correspondente aos meses de setembro-décembro do ano 2015, D. José Luís de Vicente González, licenciado en dereito, publicou o artigo denominado “Enriquecemento inxusto e prestación non contratada no ámbito da Administración Local”, no que se recolle entre outras cousas, o seguinte:

“(...

Como fonte de obrigas que é o enriquecemento inxusto, éstas faranse efectivas a través dunha acción, acción que, como se sinalou, é unha <acción personal de restitución do valor fronte ao enriquecido inxustamente ou sen causa>. Non é, polo tanto, unha acción real que permita recuperar unha cousa ou desfacer a atribución patrimonial operada; pola contra, a acción parte de aceptar esta atribución, pero non o enriquecemento ou o empobrecemento que supuxo, buscando o reequilibrio patrimonial cunha restitución de valor: o inxusto, o antixurídico, non é sempre a atribución patrimonial, senon solo o resultado, o enriquecemento que se produciu. Non é tampouco unha acción erga omnes contra calquera que finalmente haxa ingresado no seu patrimonio a cousa, senón precisamente fronte ao enriquecido, acción que é coñecida co nome de actio in rem verso.

(...).

De feito, pode afirmarse que o enriquecemento inxusto é unha fonte de obriga subsidiaria, aplicable exclusivamente en defecto de contrato administrativo ou de calquera outra fonte de obriga, e cuxa finalidade fundamental é a salvagarda dos principios de equidade que recolle o noso ordenamento nas relacións coa Administración (...).

Concluindo que:

“3) Nas situacións descritas veuse a situar na existencia dun enriquecemento inxusto da Administración a fonte da obriga que xustifica o abono da prestación non previamente

concertada, ou realizada baixo contrato nulo. A acreditación dunha orde verbal de execución, a recepción da prestación ou a concurrencia dunha actitude pasiva ou omisiva da Administración ante a prestación que se realiza sen cobertura contractual, ou sendo ésta nula, predeterminan a presunción da execución da prestación baixo as ordenes e a encargo da Administración, o que da orixe ao nacemento da obriga.

(...)

6). A actuación de oficio para o recoñecemento das obrigas derivadas dun enriquecemento inxusto require da previa tramitación dun expediente donde se acredite a realidade das prestacións, o seu valor e a súa necesidade, así como a determinación das fontes de financiamento das mesmas.”

DÉCIMO SEXTA.- De forma indubitada, o Tribunal Supremo (Sala do Contencioso – Administrativo, Sección 6ª), na súa Sentenza do 12 de decembro de 2012, estableceu:

“(…) Pero é que ademáis, debe significarse que son moitas as sentenzas ditadas por este Tribunal sobre o posible enriquecemento inxusto na Administración, a maior parte producidas no ámbito da contratación administrativa (STS de 21 de marzo de 1991, 18 de xullo de 2003, 10 de novembro de 2004, 20 de xullo de 2005 e 2 de outubro de 2006, nas que se parte de actuacións realizadas por un particular en beneficio dun interés xeral cuxa atención corresponde a unha Administración Pública, e o seu núcleo esencial está representado polo propósito de evitar que se produza un inxustificado desequilibrio patrimonial en perxuízo dese particular, supostos que ademáis esixen para asegurar os principios de igualdade e libre concurrencia que rexen na contratación administrativa, que o desequilibrio ha de estar constituído por prestacións do particular que non se deban á súa propia iniciativa nin revelen unha vontade maliciosa do mesmo, senon que teña a súa orixe en feitos, dimanantes da Administración Pública, que houberen xerado razoablemente nese particular a crenza de que lle incumbía un deber de colaboración con dita Administración.

(...).”

DÉCIMO SÉTIMA.- A teoría do enriquecemento inxusto, aplícase en xeral, en supostos de contratos inexistentes ou nulos nos que a Administración Pública se beneficia de obras, servizos ou subministracións executadas por un aparente contratista que os realiza sen vínculo ou título xurídico suficiente, así como tamén a prestacións adicionais non amparadas no contrato.



Aínda que a acción do enriquecemento inxusto non se recolle de modo expreso no Código Civil e tampouco na lexislación administrativa, nembargantes, a xurisprudencia categorizouna como Principio Xeral do Dereito, e polo tanto recoñeceuna como aplicable no ámbito das relacións xurídico administrativas, en numerosas Sentenzas do Tribunal Supremo, a algunhas das cales se fai referencia seguidamente:

SSTS 15-07-1985; 24-07-1992; 9-10-2000; e distintos Tribunais Superiores de Xustiza, como o de Galicia, en sentencias de 22-04-2004 ou 9-10-2003. Afirmar estas sentencias que a ausencia das formalidades necesarias para a contratación administrativa, como existencia de crédito, autorización do gasto, adxudicación, etc, non significa que a administración non teña que aboar o traballo realizado. Os defectos formais da contratación teñen que ceder ante as esixencias do principio que prohíbe o enriquecemento inxusto ou sin causa, de acordo con unha reiterada doutrina xurisprudencial.

As citas xudiciais, con independencia da doutrina científica que ten debatedo, de un lado, que o nacemento das obrigas é independente da existencia ou inexistencia de crédito presupuestario, sobre a base de que a inexistencia de crédito limita os efectos da esixibilidade da obriga, pero non ten por qué afectar á validez do acto negocial que da vida á obriga (un sector doutrinal); por outro lado, a postura daqueles autores que aluden a que os deberes legais nacen válidamente con independencia de que exista ou non crédito, pero as obrigas derivadas da autonomía da vontade (no ámbito da administración serán as derivadas dos actos administrativos) requiren para a súa validez a existencia de crédito.

O recoñecemento extraxudicial do Art. 26 e 60 do RD 500/1990, é una resposta normativa ao suposto que se da, tamén noutras administracións, de gastos sin crédito.

DÉCIMO OITAVA.- No artigo denominado “A contratación irregular e as súas consecuencias”, da Licenciada en dereito e Interventora delegada da Comunidade Autónoma das Illes Balears, publicado no N° 114 da revista “Contratatación Administrativa Práctica”, recóllese entre outras cousas o seguinte:

“(…).

Para a aplicación da institución do enriquecemento inxusto non é necesario que exista negligencia ou mala fé ou un acto ilícito por parte do demandado como supuestamente enriquecido, senón que é suficiente o feito de ter obtido unha ganancia indebida, o que é compatible coa boa fé. Por outro lado, a existencia de dolo ou mala fé por parte do demandado, que podería dar lugar á esixencia doutro tipo de responsabilidades, non basta por sí sola, para

dar vida á figura do enriquecemento sin causa. Non procede recoñecemento inxusto cando non existe nexo causal, de modo que o empobrecemento patrimonial do reclamante non é consecuencia do enriquecemento da Administración.

Neste senso, é importante distinguir entre a acción de danos e perxuizos e a acción de restitución do enriquecemento.

José Catán Tobeñas na súa obra de Dereito Civil Español, que segue a liña de Rafael Núñez Lagos, sinala as diferenzas seguintes:

- a) A pretensión por danos oriéntase sempre ao axente provocador, e son indispensables os conceptos de culpa e imputabilidade para determinar o deber de indemnizar, mentras que a pretensión de enriquecemento se encamiña sempre contra o enriquecido sen causa, prescindindo en absoluto das nocións de culpa e imputabilidade e deixando na penumbra o axente provocador da atribución patrimonial.
- b) A pretensión por danos necesita fixar a relación de causa a efecto entre o axente provocador e o dano. A pretensión por enriquecemento fixa dita correlación entre o patrimonio do enriquecido e o do empobrecido.
- c) Na acción de danos, a reparación exténdese á totalidade do dano causado, sen limitación de dereito, salvo algunhas excepcións legais. Pola súa parte, na acción de enriquecemento inxustificado, a restitución ten o seu obxecto e a súa medida, salvo desviacións concretas, na cuantía do enriquecemento.

O contratista que exerce a reclamación ante a Administración pretende o resarcimento do empobrecemento soportado fora da vía xudicial. En moitas ocasións, a Administración, presumindo que o pago da factura que se lle presenta será menor que a indemnización que debería pagar no suposto de que o contratista exercera a acción ante os tribunais, responde adiantándose tramitando un expediente de recoñecemento extraxudicial destas deudas.

(...).”

DÉCIMO NOVENA.- Na Sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira do Contencioso-Administrativo) do día 11 de maio do ano 2004 (recurso de casación 3554/1999), descríbense os requisitos para a procedencia da acción do enriquecemento inxusto como segue:

“(...).

Pero, en calquera caso, son os requisitos establecidos pola xurisprudencia civil, acollidos expresamente por esta Sala, os que rexen e se aplican aos supostos en que a Administración ou un particular, eventual ou supostamente empobrecido, esixe a



restitución do enriquecemento inxusto ou sen causa dun administrado ou dunha Administración, neste caso, dunha entidade local.

Por consiguiente, ha de recoñecerse que o enriquecemento inxusto, como principio xeral e como específica acción, forma parte, por obra da xurisprudencia, do ordenamento xurídico e, en concreto, do ordenamento xurídico administrativo.

CUARTO

Dende a citada sentenza de referencia do 28 de xaneiro de 1956, segundo a doutrina da Sala Primeira e desta mesma Sala, poden considerarse como requisitos para a procedencia da acción de enriquecemento inxusto ou sen causa, os seguintes:

a) O enriquecemento ou aumento do patrimonio do enriquecido, constituído por calquera vantaxe ou atribución patrimonial abocaa a producir efectos definitivos.

b) O empobrecemento de quen reclama ou daquel en cuxo nome se reclama, pecuniariamente apreciable, aínda que entendido no seu máis amplo sentido sempre, que non proveña directamente do comportamento de quen o sofre.

c) A relación causal entre o empobrecemento e o enriquecemento, de forma que éste sexa o efecto daquel. Ou, dito noutros termos, que o enriquecemento siga un correlativo empobrecemento.

d) A falta de causa ou de xustificación do enriquecemento e do correlativo empobrecemento.

(...).”

VIXÉSIMA.- Así mesmo, a Sentenza do 23 de marzo de 2015 do Tribunal Supremo (recurso de casación 993/2014), tamén alude ó enriquecemento inxusto dicindo entre outras cousas, o seguinte:

“(...

Así na STS de 21 de marzo de 1991 afírmase que <o enriquecemento sen causa ven a corrixir situación de total desequilibrio, en relacións que, carentes de roupaxe xurídico, materialmente existiron producindo beneficios concretos nunha das partes, a costa da outra. Con elo orixínanse uns efectos sen causa – enriquecemento e empobrecemento- ao non vir respaldados polas formas esixidas no réxime administrativo. Mais estos efectos, sen causa, pola forma, convírtense en determinantes da causa que os corrixe e repara.

(...).”

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- *En definitiva, atopámonos ante unha situación na cal Cecoagro Central de Compras, S.L. e D. Luís Miguel Campo Fernández realizaron unha serie de prestacións a favor desta administración, que foron de proveito para ésta, pero omitindo o procedemento contractual que debería xerar o correcto nacemento da obriga.*

CONCLUSIÓNS:

- 1) *Que as facturas relacionadas neste informe (as emitidas por Cecoagro Central de Compras, S.L. Nº 6CR-10421, Nº 6CR-10422 e Nº 6CR-10424; e as emitidas por D. Luís Miguel Campo Fernández Nº Emit-148 e Nº Rect-1 147), por un importe total de 71.317,51 €, corresponden a prestacións realizadas sen contrato e sen consignación orzamentaria, polo que en consecuencia, o seu recoñecemento non deriva dunha actividade contractual, senon dun enriquecemento inxusto obtido por esta Deputación, ao beneficiarse de ditas prestacións realizadas sen habelas retribuído.*
 - 2) *O recoñecemento extraxudicial de créditos é o mecanismo establecido polo ordenamento xurídico para proceder ao pago de aquelas facturas polas que se teñan contraído obrigas, sen consignación orzamentaria. Configúrase como un instrumento de natureza extraordinaria, posto que supón unha ruptura dos principios de anualidade orzamentaria e limitación cuantitativa dos créditos, principios recollidos no artigo 163 do TRLRFL. Non obstante, cando se haxa incurrido nun gasto e non exista dotación orzamentaria no exercicio no que se orixinou o gasto, non quedará máis remedio que recurrir ao recoñecemento extraxudicial de créditos para evitar un enriquecemento inxusto da Administración.*
 - 3) *Polo tanto, independentemente de que ditas facturas sexan obxecto de reparo por parte da Intervención Provincial, e sen perxuízo das responsabilidades que, no seu caso, puidera terse incurrido, polas razóns enriba indicadas, entendemos que o acreedor (entidade emisora da factura) ten dereito ao seu cobro, sendo o recoñecemento extraxudicial o procedemento indicado para o seu aboamento; corresponde ao Pleno ese recoñecemento. Non obstante, o órgano competente resolverá segundo o seu superior criterio. O que se informa con somentemento a calquer outro criterio superior en dereito.*
- (...).”



SEGUNDO

Visto o informe da Intervención Xeral de data 08/07/2019, e visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento de data 26/08/2019, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

ANTECEDENTES

A entidade Aira S. Coop. Galega, presentou no Rexistro de Facturas da Deputación Provincial de Lugo, a seguinte:

Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	DATA DE REXISTRO	Nº DE REXISTRO	CONCEPTO	IMPORTE
Diputación 110	30/11/2018	04/12/2018	2018/4787	Subministración en data 27/12/2017, de alimentos (penso) para os animais da Granxa Provincial Gayoso Castro.	11.862,25 €
TOTAL					11.862,25 €

PRIMEIRO.- Na factura relacionada no recadro anterior, consta Dilixencia da Dirección da Granxa Provincial, de data 01/02/2019, de que a subministración está verificada, incluíndo a conformidade coa cantidade e o prezo, constando tamén a conformidade do nesa data Deputado Delegado da Área de Medio Rural e do Mar.

SEGUNDO.- Dende a Granxa Gayoso Castro emitíronse memorias xustificativas en relación con dita factura, en datas 01/02/2018, 10/05/2018 e 22/04/2019, detallando nesta última o seguinte:

“(…).

Primeiro.- O gasto efectuado correspóndese coa alimentación dos animais da Granxa Provincial.

O procedemento xurídico – administrativo incumpríuse polo seguinte motivo:

Existía un contrato administrativo formalizado en data 22/12/2016 para esta subministración que rematou o 22/12/2017, polo que o importe da factura vai a cargo deste contrato, exceptuando o importe da última subministración, correspondente ao albarán nº AV-VTA-17-12-11017 de data 27/12/2017 e por importe de 2.941,32 € sen IVE ENGADIDO, xa que non cumpre co prazo para facerse a cargo deste contrato.

A finais do ano 2017 iníciase de novo o procedemento para contratar esta subministración de penso, tendo cumpridos todos os trámites para a adxudicación con data 3/5/2018. É por isto

que a cantidade correspondente a esta subministración a sometemos ao procedemento especial de validación para que se poida efectuar o seu pago, xa que non existía na data deste albarán contrato algún, e como se trata dunha subministración de alimento para os animais é de necesaria e urxente importancia, non podendo quedar estes sen alimentar.

Polos motivos sinalados é polo que sometemos esta factura ao procedemento especial de validación, para poder facer efectivo o seu reintegro.

Segundo.- O período de realización do obxecto do contrato é de decembro do ano 2017.

Terceiro.- O importe da prestación realizada é pola subministración entregada con data 27/12/25017, correspondente ao nº de albarán AV-VTA-17-12-11017 por importe de 2.941,32 € sen IVE ENGADIDO, da devandita factura nº Diputación 110 de importe 10.783,86 € sen IVE ENGADIDO.

Cuarto.- As unidades utilizadas son as estrictamente necesarias para a execución da prestación e os prezos aplicados son correctos e axeitados ao mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio 2019, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atencións da partida durante todo o ano en curso.”

TERCEIRO.- Consta informe deste Servizo, de data 20/05/2019, en relación coa factura Nº “Diputación 110”, de data 30/11/2018, emitida por Aira S. Coop. Galega, ao obxecto de solicitar a Intervención a correspondente consignación orzamentaria, por un importe total de 11.862,25 €, co seguinte desglose:

- Un importe de 8.467,36 € con cargo ao contrato de subministración de penso composto (concentrado) para a alimentación do gando vacún da Granxa Gayoso Castro (EXP0005SU16-ABO).
- Un importe de 3.394,89 € polo procedemento de validación previsto na Base 20.2 das de Execución do Orzamento desta Deputación para o ano 2019, ou de ser o caso, o previsto na Base 20.3 (no suposto de omisión de fiscalización previa), de ditas Bases, ou ben aquel que se determine pola Intervención.

Así mesmo, en dito informe, precísase entre outras cousas, o seguinte:

“(…).

- 1) Analizados os arquivos existentes neste Servizo, constátase que non existían contratos en vigor no momento da realización das prestacións, que amporen dita factura.



- 2) Polo carácter periódico e repetitivo das prestacións realizadas, non estamos ante un suposto de contrato menor.
- 3) Con data 22/12/2016, formalizouse o contrato administrativo correspondente á “Subministración de penso composto (concentrado) para a alimentación do gando vacún da Granxa Gayoso Castro”, adxudicado por acordo da Xunta de Goberno desta Deputación de data 16/12/2016, a favor da entidade Agris, S. Coop. Galega, por un período dun ano, a partir da data da sinatura da acta de inicio da prestación de subministración, ou no seu defecto, da subscrición do contrato administrativo, e por un importe total de 154.757,57 € (EXP0005SU16-ABO). Polo que ao non terse formalizado a acta de inicio das prestacións, este contrato finalizou o día 22/12/2017, un ano dende a formalización do contrato administrativo.
- 4) Posteriormente, a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 11/12/2017, aprobou entre outras cousas, o inicio do expediente así como os pregos de cláusulas administrativas e os pregos técnicos, xunto co procedemento de adxudicación (aberto), para a contratación da “Subministración de penso composto (concentrado) para a alimentación do gando vacún da Granxa Gayoso Castro” (EXP0024SU17-ABO).
- 5) A Xunta de Goberno, aprobou en data 20/04/2018, a adxudicación do contrato amentado no punto anterior (EXP0024SU17-ABO), resultando adxudicataria a entidade Eivalis Galicia, S.A., por un importe total de 195.030,00 €, e durante un período dun ano, contado a partir da data da acta de inicio da prestación, ou no seu defecto, a partir da data da subscrición do correspondente contrato administrativo, formalizándose este último o 03/05/2018. Polo que ao non terse formalizado acta de inicio de realización das prestacións, éste contrato rematou o 03/05/2019 (un ano dende a data de formalización do contrato).
- 6) O Deputado Delegado da Área de Economía Rural e do Mar, con data 22/02/2019, propuxo o inicio do procedemento de contratación para a subministración de penso composto para alimentación do gando vacún da Granxa Gayoso Castro. Aprobándose os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexen dita licitación (EXP0017SU19-ABO) así como o procedemento de adxudicación (aberto), e o orzamento base de licitación por un importe total de 177.590,00 €, cunha duración dun ano, por acordo da Xunta de Goberno desta Deputación, en sesión celebrada o día 12/04/2019. Publicándose o anuncio de licitación do mesmo en data 17/04/2019, na

plataforma de Contratación do Sector Público, tendo rematado o prazo de presentación de ofertas o día 02/05/2019.

Posteriormente, o día 07/05/2019 celebrouse unha mesa de contratación, para dar conta das empresas que presentaron oferta, a apertura dos sobres relativos á documentación administrativa (sobres A), e a apertura dos sobres relativos aos criterios avaliábeis automaticamente mediante fórmulas matemáticas (sobres B).

Na actualidade, xa se convocou a celebración dunha nova mesa de contratación, para o vindeiro día 24/05/2019, para a dación de conta do informe do Director da Granxa Gayoso Castro e valoracións das ofertas presentadas, e para a proposta de adxudicación, no caso de proceder ésta.

7) Con data 26/04/2018, Aira S. Coop. Galega, remitiu a esta Deputación a través do Rexistro Xeral (Entrada Nº 12.293), solicitude para que se entenda subrogada a entidade Aira, S.C.G. no contrato de “Subministración de penso composto (concentrado) para a alimentación do gando vacún da Granxa Gayoso Castro” (EXP0005SU16-ABO), en base á escritura de transformación / fusión de cooperativas Nº 3.227, de data 18/10/2017, outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia, D. Manuel Ignacio Castro – Gil Iglesias, pola que Aira, S. Coop. Galega absorbeu ás cooperativas Agris, S. Coop. Galega, Icos, S.C.G. Cogasar, S.C.G. e Coelplan S.C.G.

8) En data 30/01/2019, a Dirección da Granxa Provincial Gayoso Castro, emitiu informe en relación coa factura Nº Diputación 110 de data 30/11/2018, emitida por Aira S. Coop. Galega no que se dí que ésta corresponde ás subministracións de penso incluídas nos seguintes albaráns de dita entidade:

- AV-VTA-17-12-05001, de data 04/12/2017 e un importe de 348,00 € (sen I.V.E.).
- AV-VTA-17-12-07119, de data 15/12/2017 e un importe de 752,33 € (sen I.V.E.).
- AV-VTA-17-12-07128, de data 15/12/2017 e un importe de 2.824,48 € (sen I.V.E.).
- AV-VTA-17-12-08757, de data 19/12/2017 e un importe de 961,16 € (sen I.V.E.).
- AV-VTA-17-12-09297, de data 04/12/2017 e un importe de 2.956,56 € (sen I.V.E.).
- AV-VTA-17-12-11017, de data 27/12/2017 e un importe de 2.941,32 € (sen I.V.E.).

Asímesmo, en dito informe solicítase:

- A tramitación do importe de dita factura correspondente aos cinco primeiros albaráns relacionados, que suman un total de 7.842,53 € sen I.V.E. (8.626,78 € con I.V.E.), con cargo ao contrato de subministración de penso composto (concentrado) para a



alimentación de gando vacún da Granxa Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo, formalizado en data 22/02/2016 (EXP0005SU16-ABO), por atoparse aínda en vigor (ata o 22/02/2017), nas datas en que se realizaron as prestacións.

- *A tramitación do importe de dita factura correspondente ao último albarán relacionado (AV-VTA-17-12-11017) polo procedemento de validación, ao terse realizado as prestacións nel contidas, con data posterior ao remate do contrato con número de expediente EXP0005SU16-ABO, anteriormente aludido.*

- 9) *Polo tanto, na data de realización das prestacións incluídas en cinco albaráns (Nº AV-VTA-17-12-05001 de data 04/12/2017; AV-VTA-17-12-07119 de data 15/12/2017; AV-VTA-17-12-07128 de data 15/12/2017; AV-VTA-17-12-08757 de data 19/12/2017; e AV-VTA-17-12-09297 de data 04/12/2017) incluídos na factura relacionada neste informe, estaba en vigor o contrato de subministración de penso composto (concentrado) para a alimentación de gando vacún na Granxa Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo (EXP0005SU16-ABO, vixente ata o 22/12/2017). E na data de realización das prestacións incluídas no albarán Nº AV-VTA-17-12-11017 (27/12/2017), non existía contrato en vigor, xa que o anterior contrato existente (EXP0005SU16-ABO) rematou o 22/12/2017, e o novo contrato de subministración de penso composto (concentrado) para a alimentación do gando vacún da Granxa Gayoso Castro (EXP0024SU17-ABO) atopábase en fase de licitación (o anuncio de dita licitación publicouse no B.O.P. de Lugo en data 20/12/2017, cun prazo de 15 días naturais a contar dende o día seguinte a dita publicación, para a presentación de ofertas).*
- 10) *Polo anteriormente exposto, non estamos ante un suposto de contrato menor, xa que ademáis de tratarse dunha prestación periódica, en cómputo anual, excederíase o importe do contrato menor ao que fai referencia o artigo 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), que sería de aplicación á tramitación da factura relacionada, ao terse realizado as prestacións (o día 27/12/2017) antes da entrada en vigor (o día 09/03/2018) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).*
- 11) *Segundo o listado de operacións do orzamento de gastos de data 16/05/2019, remitido por Intervención, no contrato de subministración de penso composto (concentrado) para a alimentación do gando vacún da Granxa Gayoso Castro (EXP0005SU16-ABO), soamente quedaría dispoñible un importe de 7.697,60 € sen I.V.E., é dicir, 8.467,36 € con I.V.E.,*

aínda que o importe dos cinco primeiros albaráns relacionados no punto 8 anterior suman un total de 8.626,78 € (I.V.E. incluído).

Polo tanto, o importe total da factura emitida por Aira, S.Coop. Galega Nº Diputación 110 que debería tramitarse polo procedemento de validación, sería de 3.394,89 € (I.V.E. incluído).

(...).”

CUARTO.- *Posteriormente, dende o Servizo de Contabilidade e Contas desta Deputación, emitiuse informe en data 06/06/2019, no que se dí o seguinte:*

“Esta Intervención informa que, segundo a Base 4ª de execución do Orzamento de 2019, para a imputación ao crédito do exercicio 2019 da Factura DIPUTACIÓN 110 de data 30/11/2018 de AIRA S. COOP. GALEGA (F27317593) por importe de 11.862,25 € (8.467,36 € con cargo ao contrato), non existía crédito dispoñible 3.086,26 € + 308,63 € (IVE deducible) no exercicio de procedencia no saldo de vinculación da aplicación orzamentaria 17/4120.22113.”

QUINTO.- *Dende a Granxa Gayoso Castro, emitiuse o seguinte informe, en data 09/08/2019:*

“(...).

O subministro de penso composto para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso é absolutamente imprescindible para garantir unha correcta alimentación dos animais, e polo mesmo cumprir a normativa sobre benestar animal, que é obrigatoria, e no caso de non cumprirse pode dar lugar a sancións por parte da autoridade en materia de Sanidade Animal, feitos que xustifican a necesidade da adquisición.”

Así mesmo, consta informe do Servizo de Contratación e Fomento, da mesma data, no que se xustifica a necesidade por parte do Órgano de Contratación.

SEXTO.- *Segundo declaración responsable asinada en modelo normalizado polo representante da entidade Aira, S. Coop. Galega en data 22/04/2019, dita entidade ten plena capacidade de obrar e a habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, non se atopa incurso na prohibición de contratar, está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas con esta Deputación, así mesmo, atópase de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.*

SÉTIMO.- *No informe da Intervención Xeral desta Deputación, de data 08/07/2019, en relación co “Recoñecemento extraxudicial de crédito no 2019”, en relación coa factura*



relacionada neste informe (a emitida por Aira, S. Coop. Galega Nº Diputación 110 de data 30/11/2018), dise o seguinte:

“(…)

Relación de facturas obxecto de rexoñecemento extraxudicial de crédito:

ACREEDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN	APUNTE CONTABLE
Aira, S. Coop. Galega	Diputación 110	30/11/18	*3.086,26 máis 308,63 € en concepto de IVE deducible.	4120.22113	92019/3452
SUMA			3.086,26		

A factura é por importe de 10.783,86 € máis 1.078,39 € en concepto de IVE deducible, ascendendo a un total de 11.862,25 €. O importe de 7.697,60 € máis 769,76 € en concepto de IVE, finánciase con cargo o contrato, que rematou o 22 de decembro de 2017.

(…)

Segundo: No expediente que nos atopamos, trátase de gastos efectuados en anos anteriores, con insuficiencia de consignación orzamentaria no ano de procedencia e omisión da fiscalización previa incumprindo a normativa orzamentaria e incumprindo a normativa de contratación en tanto non ten cobertura como contrato menor, por ser gastos periódicos e de tracto sucesivo, sendo unha prestación contractual extemporánea dado que existía contrato administrativo que finalizou o 22/12/2017 sen posibilidade de prórroga nin aplicación do artigo 29.4 da LCSP, formalizándose un novo contrato o 03/05/2018.

Así mesmo, polo incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 E 58 DO rd 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais os efectos do artigo 216.2c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 da execución do orzamento 2019, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 de RD 424/2017.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, a que subscribe pon de manifestó a nota de reparo de legalidade de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL con efectos suspensivos por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicte na factura ao ser gastos periódicos e de tracto sucesivo, en canto supoñen gastos realizados sen consignación orzamentaria

previa, sen fiscalización previa, sen autorización e compromiso previo ao recoñecemento da obriga e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor constando contrato anterior finalizado para o mesmo obxecto e co mesmo acreedor. Segundo o artigo 217.1 do TRLRFL, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, corresponderá ó Presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva. Esta facultade non será delegable en ningún caso. Non obstante, corresponderá ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos se baseen en insuficiencia ou inadecuación de crédito, os gastos cuxa aprobación sexa da súa competencia.

Ase mesmo, ponse de manifestó a desconformidade con reparo de legalidade suspensivo, derivado da aplicación do disposto no artigo 216.2.a) do TRLRFL, é dicir, pola insuficiencia de crédito, de parte da factura anterior. De existir discrepancias, corresponde ó Pleno resolvelas, artigo 217.2 a) TRLRFL e 15.2ª) do RD 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con éste, formulará ó Pleno da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada por escrito, con cita dos preceptos legais nos que sustenta o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia, en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia é indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, e terá natureza executiva.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolución e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios os repartos formulados.

Terceiro: No noso réxime orzamentario existen dous principios de observancia inapelable cales son os de anualidade e de previa existencia de crédito orzamentario. A aplicación destes principios está en íntima relación cos principios de especialidade cualitativa e cuantitativa dos créditos do estado de gastos.

A ausencia de crédito orzamentario no ano de procedencia provoca a nulidade radical do gasto efectuado e a inicial imposibilidade de proceder a unha imputación orzamentaria (tendo en conta que o crédito non existe a lo menos inicialmente). O artigo 173.5 do TRLRFL dispón: <non procederán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ao importe dos créditos



autorizados nos estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar> completado co artigo 188 do TRLRFL que alude á reponsabilidade persoal dos ordenadores de gastos e pagos, e dos interventores cando non advirtan por escrito a súa improcedencia, de todo gasto que autoricen e de toda obriga que recoñezan, liquiden ou paguen sen crédito suficiente, ase como o artigo 25.1 do RD 500/90. No mesmo senso, o artigo 32 do TRLCSP nos casos de carencia ou insuficiencia de crédito, e o artigo 28.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e acceso á información pública e bon gobernó, cualificado de infracción de moi grave cando a conduta sexa culpable.

Tendo en conta que o gasto que nos ocupa trátase de atención provincial (subministración de pienso na Granxa Gayoso Castro) que por equidade e pola doutrina xurisprudencial que prohíbe o enriquecemento inxusto, deben ser satisfeitas aos acreedores, cunha indemnización substitutiva a favor do terceiro interesado, exclusivamente polo valor dos gastos ocasionados pola realización da prestación, sen que se estime que exista responsabilidade esixible, por non producirse prexuízo coñecido para os intereses provinciais, non obstante a corporación resolverá.

A teoría do enriquecemento inxusto ten unha orixe xurisprudencial, cabe citar a sentenza do 20 de decembro de 1995, ditada pola Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo Sección 5ª, e a Sentenza do Tribunal Supremo do 23 de marzo de 2015, na que se dí < o enriquecemento sen causa ven a corrixir situación de total desequilibrio, en relacións que, carentes de roupaxe xurídico, materialmente existiron producindo beneficios concretos nunha das partes, a costa da outra. Con elo orixínanse uns efectos sen causa- enriquecemento e empobrecemento- ó non vir respaldados polas formas esixidas no réxime administrativo. Mais estes efectos, sen causa, pola forma, convértense en determinantes da causa que os corrixe e repara>.

É importante destacar que a mesma Sentenza tamén matiza que o desequilibrio ten que estar constituído polas prestacións do particular que non se deban á súa propia iniciativa nin revelen unha vontade maliciosa do mesmo, senón que teña orixe en feitos dimanantes da Administración Pública, que xeraron razoablemente en ese particular a crenza de que incumbíalle un deber de colaboración con dita Administración.

Polo tanto, para a aplicación da figura do enriquecemento inxusto esíxese a existencia dunha avantaxa para a administración, como a entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; esta avantaxa debe aportar unha utilidade real aos intereses públicos xestionados pola entidade, debendo existir algún tipo de recoñecemento por parte da administración para evitar iniciativas

particulares fraudulentas; ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, que se manifesta, en supostos como o que nos ocupa, na efectiva realización dun subministro ou prestación dun servizo.

Cuarto: O recoñecemento extraxudicial permite en sede administrativa recoñecer xurídicamente gastos que a Administración valida dando así eficacia a ditos gastos, e efectúa isto por se mesma sen necesidade de ser requirida para ese efecto por instancia xudicial. A doutrina mais recente, nos supostos de nulidade, indica a procedencia de iniciar polo órgano de contratación e de forma motivada o procedemento de revisión de oficio para posteriormente solicitar ditame do órgano consultivo. Si este é favorable, procederá a declaración de nulidade do acto, na que se fixará o importe da débeda a recoñecer ó contratista.

En todo caso, debe utilizarse de forma excepcional, xa que se trata dunha forma anormal de tramitar os gastos e non para realizar sistemáticamente gastos sen a suficiente consignación orzamentaria.

A Intervención Xeral da Administración do Estado (en adiante IGAE), ten regulado na súa Circular 3/1996 que a procedencia da devandita revisión será apreciada polo Interventor atendendo a se se realizaron ou non as prestacións (a falta de prestacións impide o enriquecemento inxusto), o carácter destas e a súa valoración (se se realizaron de boa fe e a prezos de mercado), así como dos incumprimentos legais que se produciron. Dado que o artigo 52 da Lei 39/2015, do 1 de outubro LPACAP, impide a validación de actos nulos de pleno dereito, o resultado da revisión deste tipo de actos materializarase pola vía da indemnización de danos e perxuízos derivada da responsabilidade patrimonial da Administración, ao terse producido un enriquecemento inxusto no seu favor: por razóns de economía procesual, só será pertinente instar dita revisión cando sexa presumible que o importe das devanditas indemnizacións vaia ser inferior ao que se propón.

Do mesmo xeito, prevé o artigo 28.2.e) do RD 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, en relación á omisión da función interventora cando é preceptiva, e dispón:

<Posibilidade e conveniencia de revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento, que será apreciada polo interventor en función de si se realizaron ou non as prestacións, o carácter destas e a súa valoración, así como dos incumprimentos legais que se teñan producido. Para elo, terase en conta que o resultado da revisión do acto materializarase acudindo á vía de indemnización de danos e perxuízos derivada da responsabilidade patrimonial



da Administración como consecuencia de terse producido un enriquecemento inxusto ó seu favor ou de incumprir a obriga ó seu cargo, polo que, por razóns de economía procesal, só sería pertinente instar dita revisión cando sexa presumible que o importe de ditas indemnizacións fora inferior ó que se propón.

O Consello Consultivo de Galicia fixa criterios xurídicos ante cuestións plantexadas en relación ao recoñecemento extraxudicial de créditos pola Asesoría Xurídica do Concello de A Coruña, sobre a necesidade ou non de proceder á revisión de oficio con carácter previo ao recoñecemento extraxudicial de créditos ou nos casos de omisión de fiscalización previa:

.../... < O contido do art. 41.1 da LCSP abunda na idea de que a presenza dunha causa de nulidade na contracción do crédito non faculta nin obriga en todo caso ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local a seguir o procedemento de oficio.

Cando tal precepto legal prevé que a revisión de oficio dos actos preparatorios e dos actos de adjudicación dos contratos efectuarase de conformidade co establecido no Capítulo I do Título V da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (en diante, LPAC) estase remitindo en bloque a un capítulo, no que se inclúe o art. 110, expresivo de que <As dificultades de revisión establecidas neste Capítulo, non poderán ser exercidas cando por prescripción de accións, polo tempo transcorrido ou por outras circunstancias, o seu exercicio resulte contrario á equidade, á boa fé, ao dereito dos particulares ou ás leis>. Ese artigo 110 da LPAC supón que se unha vez ponderada a situación e circunstancias do caso se apreciase que as mesmas teñen encaixe naquelas ás que tal precepto se refire, entre as que cabería incluír a inexistencia de advertencia da inminente finalización dun contrato, e iso levase como consecuencia asociada unha vulneración da equidade, da boa fé, do dereito dos particulares ou das leis, queda a Administración desapoderada daquela facultade de revisión de oficio.

A Administración non pode exercitar a facultade de revisión de oficio cando no caso concreto concorren as circunstancias e razóns previstas no artigo 110 LPAC, polo que é indubidable que só a ela corresponde apreciar tal concorrencia en canto que a súa apreciación debe ser necesariamente previa ao inicio do procedemento de revisión cando ese inicio pretende efectuarse de oficio.

Na mesma liña móvese o artigo 28 do Real Decreto 424/2017, que non condiciona a decisión de non seguir o procedemento de revisión de oficio, tras a ponderación das circunstancias que en tal artigo se prevén, á existencia dun ditame favorable do órgano consultivo.

.../...>

A Base 20.1 de execución do orzamento 2019 regula o procedemento e os trámites a seguir para o recoñecemento extraxudicial de crédito e esixe:

- a) Recoñecemento da obriga, mediante a explicitación circunstanciada de todos os condicionamentos que orixinaron a actuación irregular, motivando a necesidade de propoñer unha indemnización substitutiva a favor dun terceiro interesado, exclusivamente polo valor dos gastos ocasionados pola realización da prestación.*
- b) Existencia de dotación orzamentaria específica, axeitada e suficiente para a imputación do respectivo gasto.*

A dotación orzamentaria, require informe do órgano de xestión competente acreditando a posible imputación do gasto sen que se produza prexuízo nin ningunha limitación para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte aplicación orzamentaria.

A competencia para o recoñecemento extraxudicial de créditos corresponde ao Pleno desta Deputación.

O expediente deberá conter a documentación recollida no apartado 20.1.4 da citada base nº 20.

CONCLUSIÓNS

- 1. O Órgano competente para aprobar o presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito levantando o reparo de legalidade é o Pleno, con cargo á aplicación orzamentaria que figura na relación, pola vía da indemnización de danos e prexuízos (artigo 60.2 do RD 500/1990 e base 20.1 de execución do orzamento), previa documentación recollida no apartado 20.1.4 da citada base.”*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS

PRIMEIRA.- *A Disposición Transitoria Primeira “Expedientes iniciados e contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor desta Lei”, da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), no apartado 2º precisa que “Os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior”: isto é, polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP).*

Se ben é certo que non houbo adxudicación no que respecta a unha parte da factura de Aira, S. Coop. Galega (Nº Diputación 110), concretamente por un importe de 3.394,89 € do total



da mesma, pero sí que houbo execución das prestacións incluídas nela con data anterior ao 9 de marzo do 2018, data esta de entrada en vigor da nova Lei (LCSP), polo tanto entendemos que cómpre citar a lexislación anterior, é dicir, o TRLCSP, aínda que a factura se emitiu con posterioridade á entrada en vigor de dita Lei.

SEGUNDA.- No artigo 28.1 do TRLCSP “Carácter formal da contratación do Sector Público”, recóllese a prohibición de contratar verbalmente

“1. Os entes, organismos e entidades do sector público non poderán contratar verbalmente, salvo que o contrato teña, conforme ao sinalado no artigo 113.1 carácter de emerxencia.

(...).”

Asímesmo, Resulta de aplicación o Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, en cuxo artigo nº 6 se detallan os datos que debe conter toda factura, sen perxuízo dos que puideran ser obrigatorios a outros efectos, e da posibilidade de incluír calquera outras mencións.

Polo tanto, a contratación no Sector Público é de carácter formal, tal e como declara o artigo 28.1 do TRLCSP, prohibíndose de forma expresa a contratación verbal, reservándose solo no caso excepcional da tramitación de emerxencia, que se reserva para supostos límite como acontecementos catastróficos, situacións que supoñan grave perigo ou necesidades que afecten á defensa nacional.

Non obstante, a xurisprudencia (salientando neste caso a Sentenza do Tribunal Supremo do 20 de decembro de 1995 – Aranzadi RJ 1995/8989), tense pronunciado ao respecto do seguinte xeito:

“(...) a forma, por moi importante que sexa, non constitúe en sí mesma un fin, senon que é un instrumento de control da actividade administrativa establecido en previsión de que sexan satisfeitas as esixencias concretas dos obxectivos que dita actividade persegue en realización dos intereses colectivos que lle está encomendada á Administración actuante, e por elo, a consecuencia anulativa que por regra xeral pode derivarse do incumprimento das formalidades impostas á contratación administrativa debe evitarse naqueles supostos en que a infracción formal é meramente rituarial por aparecer acreditada no expediente, de maneira notoria e incuestionable (como no caso enxuciado sucede), que a específica finalidade da forma incumplida foi realmente satisfeita.”

***TERCEIRA.**- O principio de anualidade, atópase recollido no punto primeiro do artigo 176 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante TRLRFL), no que se estipula o seguinte:*

“1. Con cargo aos créditos do estado de gastos de cada orzamento solo poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.”

Non obstante, existen excepcións a este principio de anualidade, previstas no apartado 2 do mesmo precepto, segundo o cal, aplicaranse aos créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas seguintes:

“ (...)

b) As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores, previa incorporación dos créditos no suposto establecido no artigo 182.3.”

É dicir, cando se trate de créditos que ampáren proxectos con financiación afectada.

Esto supón, polo tanto, que as obrigas deben imputarse ao orzamento do exercicio no que se produce o acto administrativo de recoñecemento de aquelas, con independencia de que a prestación así como a factura correspondan ao/s exercicio/s anterior/es.

***CUARTA.**- Ademais das dúas excepcións anteriores ao principio de temporalidade dos créditos, o artigo 26 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais (en diante RD 500/1990), en materia de orzamentos, recolle unha terceira excepción:*

“1. Con cargo aos créditos do estado de gastos de cada Orzamento solo poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario (artigo 157.1 LRFL).

2. Non obstante o disposto no apartado anterior, aplicaranse aos créditos do Orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas seguintes:

(...)

c) As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do presente Real Decreto.”

***QUINTA.**- No artigo 60.2 do RD 500/1990, estipúlase o seguinte:*

“(...)



2. Corresponderá ao Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria, operacións especiais de crédito ou concesións de quita e espera.

(...)”.

No informe de intervención en relación con cada unha das facturas que nos ocupan, conséntase que no momento de executarse as prestacións, non existía consignación orzamentaria por un importe de 3.394,89 €

SEXTA.- No artigo 23 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, establécese o seguinte:

“1. Ademais das sinaladas no artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, corresponden ao Pleno, unha vez constituído conforme ó disposto na lexislación electoral, as seguintes atribucións:

e) O recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria, operación de crédito ou concesión de quinta e espera.

(...).

2. No exercicio das atribucións establecidas no número anterior será delegable, salvo nos supostos previstos no artigo 47 da Lei 7/1985, do 2 de abril.”

SÉTIMA.- No punto 1.3 da Base Nº 20 das de Execución do Orzamento desta Deputación para o ano 2019, recóllese que:

“A competencia para o recoñecemento extraxudicial de créditos corresponde ó Pleno, Consello de Administración ou Padroados, segundo proceda.”

OITAVA.- Examinado o articulado anteriormente exposto, salienta que o recoñecemento extraxudicial de créditos inclúese entre as excepcións á vinculación temporal dos créditos, polo tanto, a través desta figura impúntase aos créditos do exercicio corrente, no momento do seu recoñecemento, obrigas xeradas en exercicios anteriores, que non se derivan de compromisos de gastos debidamente adquiridos.

En virtude do anterior, os supostos máis claros e admitidos de tramitación dun expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, son aqueles nos que se realizaron gastos orzamentarios en exercicios anteriores sen consignación orzamentaria e, en consecuencia, as súas respectivas obrigas no puideron ser recoñecidas con cargo ao orzamento correspondente, polo que

deberán aplicarse ó orzamento vixente previa tramitación do expediente oportuno. Tal é o caso que nos ocupa.

Nembargantes, salientar que o recoñecemento extraxudicial constitúe unha excepción que se contempla para situacións puntuais irregulares e non como unha posibilidade regulada, para realizar sistemáticamente gastos sen a suficiente consignación orzamentaria, debéndose evitar no posible a utilización desta figura.

NOVENA.- Por outra banda, o recoñecemento extraxudicial de créditos, precisa en todo caso da tramitación do oportuno expediente, esixencia establecida con carácter xeral polo artigo 34 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ó dispor que:

“1. Os actos administrativos que dicten as Administracións Públicas, ben de oficio ou a instancia do interesado, produciranse polo órgano competente axustándose aos requisitos e ao procedemento establecido.

(...).”

DÉCIMA.- Cabe citar a Instrucción 2/2012, do 12 de marzo da Interventora Xeral e da Directora da Abogacía sobre a tramitación a seguir nos supostos de recoñecemento extraxudicial de créditos derivados da contratación irregular (Illes Balears), na que se dí entre outras cousas, o seguinte:

“Con certa frecuencia obsérvase que chegan ao Consello de Goberno propostas de acordo de recoñecemento extraxudicial de crédito para evitar o enriquecemento inxusto da Administración no ámbito contractual. Na maioría dos casos trátase dunha contratación verbal, referida a novas prestacións ou proxectos modificados e complementarios sen seguir os procedementos esixidos pola normativa de contratación. Noutros casos, seguiuuse un procedemento, aínda que totalmente diferente ao legalmente establecido. Todos, en definitiva, responden á situación en que unha empresa presenta unha factura e a Administración, que acepta a prestación, a pesar de que non existe procedemento contractual que lle sirva de cobertura, busca unha solución xurídica e acude ao recoñecemento extraxudicial de crédito.

(...)

A tramitación que se sigue ata agora consiste xeralmente en que o centro xestor incoa un expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito cunha memoria explicativa das circunstancias que concurren en cada suposto. Na documentación inclúese un informe xurídico en relación coa necesidade de evitar o enriquecemento inxusto da Administración e, xunto coas



facturas conformadas, a acreditación da existencia de crédito e un informe da Intervención Xeral que non entra no fondo do asunto, elévase a proposta de acordo ao Consello de Goberno que recoñece extraxudicialmente o crédito indebidamente contraído. Esta tramitación é utilizada igualmente por outras administracións.

(...)

Nos contratos menores non hai ningún procedemento para a súa adxudicación que efectúe de maneira directa o órgano de contratación, de acordo co artigo 138.3 do TRLCSP. En consecuencia, non se pode entender que se prescindiu total e absolutamente do procedemento establecido cando se executou o contrato menor sen a aprobación previa do gasto, esixido para estes contratos segundo o artigo 11 do TRLCSP. Esta ausencia comporta un vicio de anulabilidade que pode validar o órgano competente, de acordo co artigo 67 da LRXAP-PAC, no momento de reflexar contablemente o recoñecemento da obriga e a proposta de pago.

Cando o vicio do acto se orixinase por falta de capacidade de actuar ou de solvencia do adxudicatario, porque ten prohibido contratar, pola falta ou insuficiencia de crédito axeitado – de conformidade co que establece a normativa orzamentaria vixente aplicable por algunha das causas indicadas no artigo 62.1 da LRXAP-PAC (nos contratos, fundamentalmente ter prescindido total e absolutamente do procedemento establecido), non é posible a validación nin polo órgano de contratación nin polo Consello de Goberno ou calquera outro órgano.

(...).”

Este último será o suposto, por falta de crédito axeitado, de modo que para evitar o enriquecemento inxusto, solo quendan tres vías, a do recoñecemento extraxudicial do crédito ou exporse a unha reclamación xudicial, e a revisión de oficio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O recoñecemento extraxudicial de créditos, contéplase no punto primeiro da Base Nº 20 das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, na que se dí entre outras cousas, o seguinte:

“(...).

1.4 O expediente para o recoñecemento da obriga deberá conter, como mínimo, os seguintes documentos:

- a) Memoria xustificativa suscrita polo responsable do Servizo sobre os seguintes extremos:
 - Xustificación da necesidade do gasto efectuado e as causas polas que se incumpriu o procedemento xurídico – administrativo correspondente.*

- *Data ou período de realización.*
 - *Importe da prestación realizada.*
 - *Garantías que procedan ou dispensa motivada destas.*
 - *Informe de valoración do que se deduza que as unidades utilizadas son as estritamente necesarias para a execución da prestación e que os prezos aplicados son correctos e axeitados ó mercado.*
- b) Factura detallada ou documento acreditativo do dereito do acreedor ou da realización da prestación debidamente conformados polos responsables do Servizo e, se é o caso, certificación de obra.*
- c) Informe do Servizo correspondente, nos casos de imputación ó Orzamento do exercicio corrente, de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da aplicación orzamentaria durante todo o ano en curso.*
- d) Informe do Servizo correspondente, cando non exista dotación no Orzamento inicial, sobre da tramitación da modificación de crédito necesaria.*
- e) Informe do Servizo de Contratación e Fomento.*
- f) Informe da Intervención Xeral.*
- g) Calquera outro documento que se estime necesario para unha mellor xustificación do gasto.”*

DÉCIMO SEGUNDA.- Suscitouse por algúns operadores a opción do procedemento de revisión de oficio, previsto no artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (antigo artigo 102 da Lei 30/1992, do 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común), establece no seu punto primeiro, que as Administracións Públicas, en calquera momento, por iniciativa propia ou a solicitude do interesado, e previo dictamen favorable do Consello de Estado ou Órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, se o houbera, declarararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que puxesen fin á vía administrativa ou que non fosen recurridos en prazo, nos supostos previstos no artigo 47.1 (antigo artigo 62.1 da Lei 30/1992).

E no punto terceiro do mesmo precepto, dispónse que as Administracións Públicas, ao declarar a nulidade dunha disposición ou acto, poderán establecer, na mesma resolución, as indemnizacións que proceda recoñecer aos interesados, se se dan as circunstancias previstas nos artigos 32.2 e 34.1 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público (antigos



artigos 139.2 e 141.1 da Lei 30/1992), se perxuízo de que, tratándose dunha disposición, subsistan os actos firmes ditados en aplicación da mesma.

DÉCIMO TERCEIRA.- A este respecto, cabe destacar que a Intervención Xeral da Administración do Estado, ten regulado na súa Circular 3/1996 que a procedencia da devandita revisión será apreciada polo interventor, atendendo a se se realizaron ou non as prestacións (a falta de prestacións impide o enriquecemento inxusto), o carácter destas e a súa valoración (se se realizaron de boa fé e a prezos de mercado), así como dos incumprimentos legais que se produciron. Dado que o artigo 52 da Lei 39/2015, do 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), impide a convalidación de actos nulos de pleno dereito, o resultado da revisión deste tipo de actos, materialízase pola vía da indemnización de danos e prexuízos derivada da responsabilidade patrimonial da Administración, ao terse producido un enriquecemento inxusto no seu favor; por razóns de economía procesual, só será pertinente instar dita revisión cando sexa presumible que o importe das devanditas indemnizacións vaia ser inferior ao que se propón.

Do mesmo xeito, o artigo 28.2e) do RD 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, en relación á omisión da función interventora cando é preceptiva, dispón:

“Posibilidade e conveniencia de revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento, que será apreciada polo interventor en función de se se realizaron ou non as prestacións, o carácter destas e a súa valoración, así como dos incumprimentos legais que se tivesen producido. Para elo, terase en conta que o resultado da revisión do acto materializarase acudindo á vía de indemnización de danos e perxuízos derivada da responsabilidade patrimonial da Administración como consecuencia de terse producido un enriquecemento inxusto ao seu favor ou de incumplir a obriga ao seu cargo, polo que, por razóns de economía procesal, solo sería pertinente instar dita revisión cando sexa presumible que o importe de ditas indemnizacións fora inferior ao que se propón.”

DÉCIMO CUARTA.- Asimesmo, no tocante á revisión de oficio, con independencia dalgún vaivén un recintísimo informe do Consello Consultivo de Galicia (CCG 163/2019), sostén que o recoñecemento extraxudicial de créditos, configurado no Art. 60.2 do RD 500/1990, do 20 de abril, como un procedemento de natureza orzamentaria dirixido a posibilitar o pagamento dun gasto para o que non se contemplaba dotación orzamentaria e para o cal se atribúe ao Pleno da Entidade Local a competencia para declarar a existencia dun crédito contra ela, móvese en plano

distinto do procedemento de revisión de oficio, concebido este como forma de revogación pola administración dos seus propios actos por razóns de legalidade.

A potestade de poñer en marcha o mecanismo do recoñecemento extraxudicial de crédito concirne á existencia dun crédito contra a entidade local para o atendimento do cal non existe dotación orzamentaria, o que é independente de que na orixe dese crédito se atope un acto susceptible de ser sometido ao procedemento de revisión de oficio por apreciarse en tal acto un vicio encadrable nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito.

É posible que se advirta a presenza dunha causa de nulidade de pleno dereito na contracción do crédito, pero iso non arrastra como inevitable consecuencia que non exista a posibilidade de recoñecer aquel (o crédito), sen unha previa anulación do acto que amparou a prestación do contratista (...).

O artigo 41.1 da propia LCSP/2017 (antes o artigo 32 do TRLCSP) abunda na idea de que a presenza dunha causa de nulidade na contratación do crédito non faculta nin obriga, en todo caso ao órgano (neste caso Pleno), a seguir o procedemento de revisión de oficio. A remisión efectuada, en bloque ao Capítulo I do Título V da Lei 39/2015, do 1 de outubro (ou o precedente da Lei 30/1992, do 26 de novembro), inclúe ao artigo 110 da vixente LPAC, que establece diversos límites ás facultades de revisión de oficio, tales como a vulneración da equidade, a boa fé, o dereito dos particulares ou das leis (...).

DÉCIMO QUINTA.- Na “Revista de Administración Pública” número 168 correspondente aos meses de setembro-décembro do ano 2015, D. José Luís de Vicente González, licenciado en dereito, publicou o artigo denominado “Enriquecemento inxusto e prestación non contratada no ámbito da Administración Local”, no que se recolle entre outras cousas, o seguinte:

“(...

Como fonte de obrigas que é o enriquecemento inxusto, éstas faranse efectivas a través dunha acción, acción que, como se sinalou, é unha <acción personal de restitución do valor fronte ao enriquecido inxustamente ou sen causa>. Non é, polo tanto, unha acción real que permita recuperar unha cousa ou desfacer a atribución patrimonial operada; pola contra, a acción parte de aceptar esta atribución, pero non o enriquecemento ou o empobrecemento que supuxo, buscando o reequilibrio patrimonial cunha restitución de valor: o inxusto, o antixurídico, non é sempre a atribución patrimonial, senon solo o resultado, o enriquecemento que se produciu. Non é tampouco unha acción erga omnes



*contra calquera que finalmente haxa ingresado no seu patrimonio a cousa, senón precisamente fronte ao enriquecido, acción que é coñecida co nome de actio in rem verso.
(...).*

De feito, pode afirmarse que o enriquecemento inxusto é unha fonte de obriga subsidiaria, aplicable exclusivamente en defecto de contrato administrativo ou de calquera outra fonte de obriga, e cuxa finalidade fundamental é a salvagarda dos principios de equidade que recolle o noso ordenamento nas relacións coa Administración (...).

Concluindo que:

*“3) Nas situacións descritas veuse a situar na existencia dun enriquecemento inxusto da Administración a fonte da obriga que xustifica o abono da prestación non previamente concertada, ou realizada baixo contrato nulo. A acreditación dunha orde verbal de execución, a recepción da prestación ou a concurrencia dunha actitude pasiva ou omisiva da Administración ante a prestación que se realiza sen cobertura contractual, ou sendo ésta nula, predeterminan a presunción da execución da prestación baixo as ordenes e a encargo da Administración, o que da orixe ao nacemento da obriga.
(...)*

6). A actuación de oficio para o recoñecemento das obrigas derivadas dun enriquecemento inxusto require da previa tramitación dun expediente donde se acredite a realidade das prestacións, o seu valor e a súa necesidade, así como a determinación das fontes de financiamento das mesmas.”

DÉCIMO SEXTA.- De forma indubitada, o Tribunal Supremo (Sala do Contencioso – Administrativo, Sección 6ª), na súa Sentenza do 12 de decembro de 2012, estableceu:

“(…) Pero é que ademáis, debe significarse que son moitas as sentenzas ditadas por este Tribunal sobre o posible enriquecemento inxusto na Administración, a maior parte producidas no ámbito da contratación administrativa (STS de 21 de marzo de 1991, 18 de xullo de 2003, 10 de novembro de 2004, 20 de xullo de 2005 e 2 de outubro de 2006, nas que se parte de actuacións realizadas por un particular en beneficio dun interés xeral cuxa atención corresponde a unha Administración Pública, e o seu núcleo esencial está representado polo propósito de evitar que se produza un inxustificado desequilibrio patrimonial en perxuízo dese particular, supostos que ademáis esixen para asegurar os principios de igualdade e libre concurrencia que rexen na contratación administrativa, que o desequilibrio ha de estar constituído por prestacións do particular que non se deban á

súa propia iniciativa nin revelen unha vontade maliciosa do mesmo, senon que teña a súa orixe en feitos, dimanantes da Administración Pública, que houberen xerado razoablemente nese particular a crenza de que lle incumbía un deber de colaboración con dita Administración.

(...).”

DÉCIMO SÉTIMA.- A teoría do enriquecemento inxusto, aplícase en xeral, en supostos de contratos inexistentes ou nulos nos que a Administración Pública se beneficia de obras, servizos ou subministracións executadas por un aparente contratista que os realiza sen vínculo ou título xurídico suficiente, así como tamén a prestacións adicionais non amparadas no contrato.

Aínda que a acción do enriquecemento inxusto non se recolle de modo expreso no Código Civil e tampouco na lexislación administrativa, nembargantes, a xurisprudencia categorizouna como Principio Xeral do Dereito, e polo tanto recoñeceuna como aplicable no ámbito das relacións xurídico administrativas, en numerosas Sentenzas do Tribunal Supremo, a algunhas das cales se fai referencia seguidamente.

SSTS 15-07-1985; 24-07-1992; 9-10-2000; e distintos Tribunais Superiores de Xustiza, como o de Galicia, en sentencias de 22-04-2004 ou 9-10-2003. Afirmen estas sentencias que a ausencia das formalidades necesarias para a contratación administrativa, como existencia de crédito, autorización do gasto, adxudicación, etc, non significa que a administración non teña que aboar o traballo realizado. Os defectos formais da contratación teñen que ceder ante as esixencias do principio que prohíbe o enriquecemento inxusto ou sin causa, de acordo con unha reiterada doutrina xurisprudencial.

As citas xudiciais, con independencia da doutrina científica que ten dabatido, dun lado, que o nacemento das obrigas é independente da existencia ou inexistencia de crédito presupuestario, sobre a base de que a inexistencia de crédito limita os efectos da esixibilidade da obriga, pero non ten por qué afectar á validez do acto negocial que da vida á obriga (un sector doutrinal); por outro lado, a postura daqueles autores que aluden a que os deberes legais nacen válidamente con independencia de que exista ou non crédito, pero as obrigas derivadas da autonomía da vontade (no ámbito da administración serán as derivadas dos actos administrativos) requiren para a súa validez a existencia de crédito.

O recoñecemento extraxudicial do art. 26 e 60 do RD 500/1990, é unha resposta normativa ao suposto que se da, tamén noutras administracións, de gastos sin crédito.



DÉCIMO OITAVA.- No artigo denominado “A contratación irregular e as súas consecuencias”, da Licenciada en dereito e Interventora delegada da Comunidade Autónoma das Illes Balears, publicado no N° 114 da revista “Contratatación Administrativa Práctica”, recóllese entre outras cousas o seguinte:

“(…).

Para a aplicación da institución do enriquecemento inxusto non é necesario que exista negligencia ou mala fé ou un acto ilícito por parte do demandado como supuestamente enriquecido, senón que é suficiente o feito de ter obtido unha ganancia indebida, o que é compatible coa boa fé. Por outro lado, a existencia de dolo ou mala fé por parte do demandado, que podería dar lugar á esixencia doutro tipo de responsabilidades, non basta por sí sola, para dar vida á figura do enriquecemento sin causa. Non procede recoñecemento inxusto cando non existe nexo causal, de modo que o empobrecemento patrimonial do reclamante non é consecuencia do enriquecemento da Administración.

Neste senso, é importante distinguir entre a acción de danos e perxuizos e a acción de restitución do enriquecemento.

José Catán Tobeñas na súa obra de Dereito Civil Español, que segue a liña de Rafael Núñez Lagos, sinala as diferenzas seguintes:

- a) A pretensión por danos oriéntase sempre ao axente provocador, e son indispensables os conceptos de culpa e imputabilidade para determinar o deber de indemnizar, mentras que a pretensión de enriquecemento se encamiña sempre contra o enriquecido sen causa, prescindindo en absoluto das nocións de culpa e imputabilidade e deixando na penumbra o axente provocador da atribución patrimonial.
- b) A pretensión por danos necesita fixar a relación de causa a efecto entre o axente provocador e o dano. A pretensión por enriquecemento fixa dita correlación entre o patrimonio do enriquecido e o do empobrecido.
- c) Na acción de danos, a reparación exténdese á totalidade do dano causado, sen limitación de dereito, salvo algunhas excepcións legais. Pola súa parte, na acción de enriquecemento inxustificado, a restitución ten o seu obxecto e a súa medida, salvo desviacións concretas, na cuantía do enriquecemento.

O contratista que exerce a reclamación ante a Administración pretende o resarcimento do empobrecemento soportado fora da vía xudicial. En moitas ocasións, a Administración, presumindo que o pago da factura que se lle presenta será menor que a indemnización que debería

pagar no suposto de que o contratista exercera a acción ante os tribunais, responde adiantándose tramitando un expediente de recoñecemento extraxudicial destas deudas.

(...).”

DÉCIMO NOVENA.- Na Sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira do Contencioso-Administrativo) do día 11 de maio do ano 2004 (recurso de casación 3554/1999), descríbense os requisitos para a procedencia da acción do enriquecemento inxusto como segue:

“(...).

Pero, en calquera caso, son os requisitos establecidos pola xurisprudencia civil, acollidos expresamente por esta Sala, os que rexen e se aplican aos supostos en que a Administración ou un particular, eventual ou supostamente empobrecido, esixe a restitución do enriquecemento inxusto ou sen causa dun administrado ou dunha Administración, neste caso, dunha entidade local.

Por conseguinte, ha de recoñecerse que o enriquecemento inxusto, como principio xeral e como específica acción, forma parte, por obra da xurisprudencia, do ordenamento xurídico e, en concreto, do ordenamento xurídico administrativo.

CUARTO

Dende a citada sentenza de referencia do 28 de xaneiro de 1956, segundo a doutrina da Sala Primeira e desta mesma Sala, poden considerarse como requisitos para a procedencia da acción de enriquecemento inxusto ou sen causa, os seguintes:

- a) O enriquecemento ou aumento do patrimonio do enriquecido, constituído por calquera vantaxe ou atribución patrimonial abocada a producir efectos definitivos.*
- b) O empobrecemento de quen reclama ou daquel en cuxo nome se reclama, pecuniariamente apreciable, aínda que entendido no seu máis amplo sentido sempre, que non proveña directamente do comportamento de quen o sofre.*
- c) A relación causal entre o empobrecemento e o enriquecemento, de forma que éste sexa o efecto daquel. Ou, dito noutros termos, que o enriquecemento siga un correlativo empobrecemento.*
- d) A falta de causa ou de xustificación do enriquecemento e do correlativo empobrecemento.*

(...).”



VIXÉSIMA.- Así mesmo, a Sentenza do 23 de marzo de 2015 do Tribunal Supremo (recurso de casación 993/2014), tamén alude ó enriquecemento inxusto dicindo entre outras cousas, o seguinte:

“(…).

Así na STS de 21 de marzo de 1991 afírmase que <o enriquecemento sen causa ven a corrixir situación de total desequilibrio, en relacións que, carentes de roupaxe xurídico, materialmente existiron producindo beneficios concretos nunha das partes, a costa da outra. Con elo orixínanse uns efectos sen causa – enriquecemento e empobrecemento- ao non vir respaldados polas formas esixidas no réxime administrativo. Mais estos efectos, sen causa, pola forma, convírtense en determinantes da causa que os corrixe e repara.

(…).”

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- En definitiva, atopámonos ante unha situación na cal Aira S. Coop. Galega realizou unha serie de prestacións a favor desta administración, que foron de proveito para ésta, pero omitindo o procedemento contractual que debería xerar o correcto nacemento da obriga.

CONCLUSIÓNS

- 1) Que a factura relacionada neste informe (e emitida por Aira, S. Coop. Galega N° Diputación 110), dun importe total de **11.862,25 €**, corresponde a prestacións realizadas sen contrato e sen consignación orzamentaria nunha parte da mesma, concretamente, por un importe de **3.394,89 €**, polo que en consecuencia, o seu recoñecemento non deriva dunha actividade contractual, senon dun enriquecemento inxusto obtido por esta Deputación, ao beneficiarse de ditas prestacións realizadas sen habelas retribuído.
- 2) O recoñecemento extraxudicial de créditos é o mecanismo establecido polo ordenamento xurídico para proceder ao pago de aquelas facturas polas que se teñan contraído obrigas, sen consignación orzamentaria. Configúrase como un instrumento de natureza extraordinaria, posto que supón unha ruptura dos principios de anualidade orzamentaria e limitación cuantitativa dos créditos, principios recollidos no artigo 163 do TRLRFL. Non obstante, cando se haxa incurrido nun gasto e non exista dotación orzamentaria no exercicio no que se orixinou o gasto, non quedará máis remedio que recurrir ao recoñecemento extraxudicial de créditos para evitar un enriquecemento inxusto da Administración.

3) Polo tanto, independentemente de que dita factura sexa obxecto de reparo por parte da Intervención Provincial, e sen perxuízo das responsabilidades que, no seu caso, puidera terse incurrido, polas razóns enriba indicadas, entendemos que o acreedor (entidade emisora da factura) ten dereito ao seu cobro sendo o recoñecemento extraxudicial o procedemento indicado para o seu aboamento (no caso da factura relacionada, por un importe de **3.394,89 €** correspondente a aquela parte da mesma para a que non existe contrato nin consignación orzamentaria); corresponde ao Pleno ese recoñecemento.

Non obstante, o órgano competente resolverá segundo o seu superior criterio.

O que se informa con sometemento a calquer outro criterio superior en dereito.

(...).”

Por canto antecede, propónse que polo Pleno se adopte o seguinte ACORDO en relación co expediente de recoñecemento extraxudicial das seguintes facturas correspondentes a gastos dos anos 2016 e 2017 realizados dende a Granxa Gayoso Castro:

ACREEDORES	Nº FACTURA	CONCEPTO	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
Cecoagro Central de Compras, S.L.	6CR-10421	Corbigran MG Big Bag. Bolsa Girasol. Millo Perform Force 50.000 sementes. Enmenda Caliza GDA Big Bag.	30/11/16	16.367,56 €	4120.22199
Cecoagro Central de Compras, S.L.	6CR-10422	Fertiland Millo 21-7-6 Big Bag. NAC 27% Fertimax Big Bag.	30/11/16	14.338,50 €	4120.22199
Cecoagro Central de Compras, S.L.	6CR-10424	Fórmula Especial Segra 2 20 Kg. Agroland Long Power 20 Kg. Agroland Maxicut Trío 20 Kg. Genoxone ZX 1 L. Calciphon Big Bag.	30/11/16	11.517,00 €	4120.22199
Luis Miguel Campo Fernández	Emit-148	Sulfatar un pase con herbicida premerxencia. Laboreo de terra con arado de vertedera. Pase de grada rotativa. Sementado de millo. Sulfatar un pase con herbicida.	09/12/16	15.354,90 €	4120.22799
Luis Miguel Campo Fernández	Rect-1 147	Segado de herba e acordonado. Ensilado de herba.	09/12/16	13.739,55 €	4120.22799



Aira, S. Coop. Galega	Diputación 110	Subministración en data 27/12/2017, de alimentos (penso) para os animais da Granxa Provincial Gayoso Castro	30/11/2018	3.394,89 € <i>(o importe total da factura é de 11.862,25 €, aínda que soamente se somete a recoñecemento extraxudicial por un importe total de 3.394,89 €).</i>	4120.22113
TOTAL				74.712,40 €	

1º.- Aprobar o levantamento do reparo de legalidade e os seus efectos suspensivos.

2º.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito de ditas facturas (as emitidas por Cecoagro Central de Compras, S.L. nº 6CR-10421, nº 6CR-10422 e nº 6CR-10424, todas elas de data 30/11/2016; as emitidas por D. Luís Miguel Campo Fernández nº Emit-148 e nº Rect-1 147, ambas de data 09/12/2016; e a emitida por Aira, S. Coop. Galega nº Diputación 110, de data 30/11/2018), así como as prestacións executadas, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das mesmas, todas elas correspondentes a gastos realizados no ano 2016, a excepción da factura emitida por Aira, S. Coop. Galega, que corresponde a gastos realizados no ano 2017, propios de contratos administrativos de servizos (no caso das facturas emitidas por Cecoagro Central de Compras, S.L. e D. Luis Miguel Campo Fernández) e dun contrato administrativo de subministración (no caso da factura emitida por Aira, S. Coop. Galega), con cargo ás aplicacións orzamentarias do orzamento do ano 2019 detalladas no recadro anterior, pola vía de indemnización de danos e prexuízos (art. 60.2 do RD 500/1990 e Base 20.1 das de execución desta Deputación para o ano 2019).

3º.- Aprobar o gasto por un importe total de 74.712,40 €”.

A Comisión informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, por maioría, con abstención dos deputados D^a Dolores Castro Ochoa, D. José Jesús Novo Martínez e D. José Pardo Lombao, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Sobre este asunto, como no anterior, teñen tamén toda a documentación, e trátase de aprobar un expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para o pagamento de seis facturas que son de subministración de materiais para a Granxa Gayoso Castro, por un importe de 74.712,40 euros correspondentes tamén ó pasado mandato. Cinco son do ano 2016 e unha do 2017, e o que imos aprobar é precisamente habilitar o crédito para efectuar o pagamento das facturas destes servizos prestados.

O recoñecemento extraxudicial de crédito é un instrumento previsto pola Administración que en calquera caso a Deputación de Lugo o utiliza de maneira moi excepcional, de feito o último recoñecemento que se trouxo a Pleno foi hai seis anos; estes 74.712,40 euros supoñen aínda menos do 1% do importe das facturas aboadas durante o ano 2018”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Neste punto pouco que aportar; como ben se dicía é un instrumento legal, non debería producirse pero todos sabemos que nalgún momento da xestión é difícil que non acabe unha factura neste recoñecemento extraxudicial; e evidentemente nós imos votar a favor porque os provedores non teñen culpa desa xestión que, como digo, non debería producirse pero é verdade que calquera que tivera responsabilidades de goberno sabe que nalgún momento se produce”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Recordarlle que non no primeiro punto non me respostou a esas preguntas formuladas que crean bastante incertidume. E dicirlle ó Sr. Castro que iso de “pouco que aportar” creo que vai ser un balance durante toda esta lexislatura, o BNG agora mesmo está practicamente nas mans do Partido Socialista e así o demostran estes dous puntos.



Isto está en consonancia co primeiro punto; porque hai un recoñecemento extraxudicial neste caso na Granxa Gayoso Castro?, porque se fixeron gastos sen ter dotación presupostaria, e non é que o diga eu senón que o di a Interventora. Efectivamente isto tamén é unha parte ordinaria de moitos procedementos administrativos e moitos concellos o estamos facendo, pero tamén é certo que na Granxa Gayoso Castro se leva facendo bastantes veces.

Cremos que é un problema de organización, as que veñen aí son facturas ordinarias de calquera gasto dunha granxa, de pensos, de sulfatos, etc., e unha falta de previsión absoluta. É unha mágoa que non estea o anterior Deputado Sr. Lino, que era o responsable político naquel momento, pero hai máis responsables políticos e vostede ven o sabe Sr. Presidente.

E outra das preguntas que nós lle imos facer é se vai manter ese cargo político que é o que dirixe a día de hoxe a Granxa Gayoso Castro, e que está mandando facturas sen recoñecer en diferentes momentos. Pero é que iso é unha práctica bastante común, porque no ano 2016 xa había máis de 151.000 euros de facturas que non tiñan dotación económica e que houbo que pagar.

Neste caso tamén nos preocupa moitísimo que sexan facturas do ano 2016, querrennos dicir que hai tres provedores que levan dende o ano 2016 sen cobrar un total de 75.000 euros?, a mín iso non me parece normal; nos concellos, alo menos os que son xestionados polo Partido Popular, os recoñecementos extraxudiciais facémolos recoñecendo facturas do ano anterior que chegaron tarde ou que efectivamente tiñan desaxuste, pero son do ano anterior; estas do ano 2016 creo que deberían ter unha explicación moito maior cá dicir simplemente que é un caso ordinario”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Obviamente se hai seis anos que non se trae ningún recoñecemento extraxudicial de crédito está claro que non é algo que se faga de forma habitual. Efectivamente nos concellos normalmente se levan as de anos anteriores a recoñecementos extraxudiciais de crédito, se ben unha administración como é a Deputación obviamente ó ter máis servizos non funciona do mesmo xeito ó que estamos acostumbrados nos concellos.

Habilitamos o crédito coa finalidade obviamente de pagarlle a estas empresas, estamos de acordo en que teñen que cobrar, os servizos están prestados, e agora no primeiro Pleno deste mandato precisamente para facelo da forma máis rápida posible e que eles podan cobrar polos servizos que prestaron, traemos este expediente aquí, e espero que se sumen a apoiar para que podan cobrar”.

Intervén o Sr. Presidente, quen se manifesta no seguinte sentido:

“Antes de continuar permítanme que lles comunique que me acaba de dicir a señora Secretaria que hai un Deputado que falta no Pleno de hoxe, don José Angel Santos Sánchez, que a avisou a ela de que non podía vir por estar de viaxe, polo tanto desculpar ó Deputado que hoxe non pode estar aquí”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“O señor Castiñeira desvía o debate, di que o BNG está nas mans do PSOE, o BNG está nas mans do BNG como sempre estivo. Eu entendo que lle moleste que haxa acordos, hai un acordo público de goberno entre o BNG e o Partido Socialista que cremos que vai levar a devolverlle a esta Institución o descrédito que sufriu na anterior lexislatura, ou quere que lle diga que vostedes na anterior lexislatura estaban nas mans do señor Martínez para montar un circo?, é este o debate que quere levar sobre unhas facturas?”.

Mire, o BNG ten un pacto co PSOE e defendémolo en público, presentámolo e estamos contentos con el porque cremos que vai ser bo para as persoas. Outra cousa é o que fixeron vostedes na lexislatura pasada, en mans de quen estaban vostedes?, se quere explíqueo; pero non sei porque mete aquí o debate, aínda que ó Partido Popular gústalle moito iso pero nós estamos orgullosos do acordo a que chegamos co Partido Socialista, o BNG é o BNG, o Partido Socialista é o Partido Socialista, e vostedes en mans de quen estaban?, contribuíron ó descrédito desta Institución e nós chegamos a este acordo para devolverllo.



Por tanto deixese deses ataques que non sei a que veñen nin a que xogo quere entrar nese debate, pero nós non temos nada que agochar, os nosos acordos son públicos, os seus ás veces non; e esta é a explicación que lle podo dar sobre iso”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Claro que lle vou dicir onde estivo o Partido Popular; o Partido Popular estivo coa gobernabilidade, cando quedou sen socios o Partido Socialista chamou á porta do Partido Popular, aprobamos os Orzamentos, e grazas a aprobar eses Orzamentos aprobamos o Plan Único que é moi importante para tódolos concellos, e propúxoo o Partido Popular, grazas a eses pactos importantes dos que vostede di que foron a escuras; a aprobación dos firmes, eses quince millóns de euros, foron pactos importantes para a Deputación de Lugo; estase a construír unha canceira en Foz grazas a eses acordos; por tanto non pode dicir vostede que son inútiles.

Nós dende logo que non imos ser un impedimento para que os provedores cobren, non nos explicamos porque non veu este recoñecemento no ano 2017 ou no 2018, ten que vir no ano 2019, non sabemos que lle pasou a esas facturas para que non puideran vir no ano seguinte. O Grupo Popular vaise abster porque lóxicamente hai que levantar uns reparos de Intervención, que os debe levantar o goberno ou os seus socios pero nós dende logo non imos impedir que eses provedores cobren porque o que queremos é que xa teñan os cartos nos seus petos para que empecen a facer os investimentos necesarios, porque estou seguro de que 40.000 euros para unha empresa dese tipo ten que ser bastante dificultoso saír adiante. Polo tanto unha vez que se aproben traten de pagar o antes posible porque iso é o que quere o Partido Popular”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Evidentemente imos aprobar o recoñecemento extraxudicial para que os provedores cobren. E menos mal que non dependemos do Partido Popular precisamente para aprobalo porque senón igual seguían sen cobrar”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 11 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

COMISION DE ASUNTOS DO PLENO

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA TERCEIRA ADDENDA AO CONVENIO DA SUBVENCIÓN DIRECTA EXCEPCIONAL OUTORGADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO A RAIOLAS-LUGO, ASOCIACIÓN DE PAÍS E PERSOAS CON TRANSTORNOS XENERALIZADOS DO DESENVOLVEMENTO, CO OBXECTO DE COLABORAR NA FINANCIACIÓN DA “LEGALIZACIÓN E ADECUACIÓN DE EDIFICIO PARA CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS CON TEA”.

Visto o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta do deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, que textualmente di o seguinte:

“Considerando a petición realizada por dona María Inés Flores Lozano, en nome e representación de RAIOLAS-LUGO Asociación de Pais e Persoas con Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento, con data 25 de xuño de 2019 (rexistro número 2019RT002705), mediante o cal solicitaba a concesión dunha prórroga do prazo de execución da actuación subvencionada e do prazo de xustificación ao abeiro do “Convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación provincial de Lugo a Raiolas-lugo, Asociación de Pais e Persoas con Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento, co obxecto de colaborar na financiación da “legalización e adecuación de edificio para centro de día para persoas con TEA” e a aprobación da súa modificación mediante acordo do Pleno da Deputación Provincial de Lugo o 21 de decembro 2017 e a formalización mediante addenda asinada polas partes o día de 5 de marzo de 2018 e a aprobación da súa segunda modificación mediante acordo do Pleno da Deputación Provincial de



Lugo o 27 de novembro 2018 e formalizada mediante segunda addenda asinada polas partes o día de 28 de decembro de 2018”, xa que por motivos alleos a entidade provincial e á a entidade beneficiaria resulta imposible executar as actuacións subvencionadas dentro do prazo previsto no dito convenio asinado entre as partes o 27 de decembro de 2016.

Considerando o informe emitido dende a Sección de Benestar Social e Igualdade, no cal informábase que procedía a concesión da prórroga do prazo de execución e xustificación do convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo a Raiolas-Lugo, Asociación de pais e persoas con trastornos xeneralizados do desenvolvemento, co obxecto de colaborar na financiación da “legalización e adecuación de edificio para centro de día para persoas con TEA”, asinado polas partes o 27 de decembro de 2016, e modificado mediante a Addenda primeira asinada polas partes o 5 de marzo de 2018 e Addenda segunda o 28 de decembro de 2018, sendo articulada a mesma, mediante unha terceira addenda ao citado convenio, que acompaña ao citado informe, a cal reflicte a ampliación dos prazos de execución e xustificación previstos no convenio modificado mediante a segunda addenda, pasando a ser 15 de novembro de 2019, e 15 de novembro de 2019, respectivamente.

Considerando os informes emitidos dende o Servizo de Contratación e Fomento, da Secretaría Xeral e a Intervención en relación a aprobación da modificación do convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo a Raiolas-Lugo, Asociación de pais e persoas con trastornos xeneralizados do desenvolvemento, co obxecto de colaborar na financiación da “legalización e adecuación de edificio para centro de día para persoas con TEA” modificado mediante Addenda primeira e Addenda segunda, sendo articulada a mesma mediante a terceira addenda que se acompaña con esta proposta, quedando modificados os prazos de execución e xustificación previstos no convenio, pasando a ser 15 de novembro de 2019 e 15 de novembro de 2019, respectivamente.

Por todo o anteriormente exposto, proponse ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo, acorde:

Dar aprobación á modificación do convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo a Raiolas-Lugo, Asociación de pais e persoas con

trastornos xeneralizados do desenvolvemento, co obxecto de colaborar na financiación da “legalización e adecuación de edificio para centro de día para persoas con TEA”, sendo articulada a mesma mediante a terceira addenda que se acompaña”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Moi brevemente porque a proposta está clara, foi ditaminada na Comisión Informativa, e trátase desa terceira addenda para facilitar o obxectivo que se persegue con este convenio da subvención directa excepcional outorgada a Raiolas para a adecuación dese edificio para centro de atención.

A addenda é solicitada por eles, e neste sentido nada máis que dicir”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Simplemente para anunciar o noso voto favorable, e por suposto aproveitar para facer un recoñecemento público a esta asociación, non só polo seu traballo diario senón tamén pola súa constancia e perseverancia nun proxecto que entendemos que é moi importante non só para a cidade de Lugo senón tamén para a provincia”.

Efectuada a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

Neste momento, tendo en conta que o seguinte asunto lle afecta directamente ao Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, e de acordo co sinalado nos artigos 96 do ROF e 76 da Lei 7/95



de Bases de Réxime Local, solicita ausentarse tanto do debate coma da votación do seguinte asunto.

O Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón auséntase neste momento da sesión.

4.- SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE PARA A FUNCIÓN DOCENTE UNIVERSITARIA DUN MEMBRO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Vista a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, que textualmente di o seguinte:

Vista a solicitude de Don Pablo Rivera Capón, membro da Corporación Provincial da Deputación Provincial de Lugo, Deputado Delegado de Promoción Económica e Social, para que lle autorice a compatibilidade para o desempeño dun posto de traballo de Profesor asociado da UNED, a tempo parcial e cunha vinculación de duración determinada.

Visto o Informe do Servizo de Recursos Humanos, en relación á solicitude, que literalmente sinala:

“Con data de 20 de agosto do 2019 foi presentado escrito polo Deputado Provincial desta Deputación Provincial de Lugo, Don Pablo Rivera Capón, polo que solicita a compatibilidade para desempeñar o posto de traballo de profesor titor no centro de Lugo da UNED, no próximo curso académico 2019-2020 en varias materias dos Grados de Ciencias Políticas e da Administración, Socioloxía, Antropoloxía Social e Cultural e Criminoloxía, cunha dedicación de dúas horas semanais, no período comprendido entre o 7 de setembro de 2019 e o vinte dous de maio de 2020, sendo a dedicación total de 50 horas e unha retribución total de 3.066,00 €.

Don Pablo Rivera Capón é Deputado desta Entidade Provincial de cuxo cargo tomou posesión na sesión constitutiva celebrada pola Corporación Provincial no Pleno do 18 de xullo de 2019 e por

resolución da Presidencia, de 24 de xullo do 2019 foi designado Deputado Delegado de Área de Promoción Económica e Social.

O Pleno da Corporación provincial en sesión extraordinaria celebrada o 30 de xullo do 2019 estableceu a relación de cargos a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva, cunha retribución anual total, que para o presente exercicio económico consta no vixente orzamento provincial, continuando na actualidade no exercicio do dito cargo e dedicación.

Por Resolución da Presidencia de 30 de xullo do 2019, estableceuse a atribución das ditas dedicacións exclusivas aos Deputados que teñen competencias delegadas, entre os que se incluíu a Don Pablo Rivera Capón, con efectividade do mesmo día.

A Lexislación aplicable ven regulada, de xeito fundamental, na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, que desenvolve a Lei de Incompatibilidades e a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (coas especificacións de continuidade do réxime de profesores colaboradores, prevista na Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, por la que se modifica la Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro).

O artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda, salvo o sinalado no artigo anterior, é dicir, salvo que sexan funcionarios que lles corresponda cotizar a o réxime de mutualidades.

O mesmo artigo indica que no suposto destas retribucións, a súa percepción será incompatible coa de outras con cargo aos Orzamentos das Administracións Públicas ou de entes, organismos ou empresas deles dependentes, pero agora engádese expresamente "así como para o desenvolvemento de outras actividades, todo elo nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.



Certamente, non é ningunha novidade a aplicación aos cargos electivos locais da citada Lei, pois xa se declaraba expresamente no artigo 1.1 da mesma. Pero a declaración expresa da súa incompatibilidade para o desenvolvemento doutras actividades, nos termos da citada Lei, supón sen dúbida a aclaración da equívoca redacción, referida á compatibilidade para ocupacións marxinais, que deu lugar a expansivas interpretacións, contida no artigo 13.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, poio que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en opinión de amplos sectores da doutrina científica administrativa. Parece que agora o único parámetro para determinar as posibles compatibilidades será a Lei 53/1984 xa referida.

A Lei 53/1984, de carácter básico para tódalas Administracións Públicas e entre cuxo ámbito de aplicación inclúese a todo o persoal ao servizo das mesmas, calquera que sexa a súa relación funcional, laboral, estatutaria(art. 2.1 c) ou de confianza(art. 2.2), non admite máis excepcións á incompatibilidade no desenvolvemento de dous postos de traballo no sector público que as do exercicio da actividade docente (como profesor universitario asociado) e sanitaria (catedráticos e profesores de universidade e catedráticos de escolas universitarias; profesores titulares de escolas universitarias de enfermería) e aos catedráticos e profesores de música de conservatorios superiores e profesionais da música (artigo 4); e, pese a iso, excepcionalmente, ao persoal incluído no ámbito da Lei 53/1984 poderá autorizárselle a compatibilidade para o exercicio de actividades de investigación, de carácter permanente, ou de asesoramento en supostos concretos, que non correspondan ás funcións do persoal adscrito ás respectivas Administracións Públicas (art. 6).

O artigo 4.1 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao servizo das Administracións Públicas, establece que "poderá autorizarse a compatibilidade, cumpridas as restantes esixencias desta Lei, para o desempeño dun posto de traballo na esfera docente como Profesor universitario asociado en réxime de dedicación non superior á de tempo parcial e con duración determinada".

Por outra parte, o artigo 53 da lei Orgánica 6/2011, de 21 de decembro, de Universidades, dispón: "os profesores asociados serán contratados, con carácter temporal, e con dedicación parcial,

entre especialistas de recoñecida competencia que acrediten exercer a súa actividade profesional fora da Universidade".

O principio xeral establecido, nos artigos 1 e 3.1 da lei 53/1984, de 26 de decembro, é que o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non pode compatibilizar as súas actividades co desempeño dun segundo posto de traballo, cargo ou actividade do sector público, salvo nos supostos expresamente previstos. A excepción á este principio recollido no artigo 4.1 da dita Lei, require, ademais das restantes esixencias da lei: a) que o segundo posto de traballo no sector público sexa a de Profesor Universitario Asociado; b) que o réxime de dedicación non sexa superior "á de tempo parcial"; e c) que o nomeamento ou contrato teña unha "duración determinada".

Por outra parte, o artigo 14 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, que desenvolve a Lei de Incompatibilidades, sinala que: "En todos os supostos nos que a Lei 5/1984, de 26 de decembro, ou este Decreto fai referencia a postos de traballo con xornada a tempo parcial, débese entender por tal aquela que non supere as trinta horas semanais".

Ao tratarse dunha autorización de compatibilidade para exercer unha actividade pública, hai que ter en conta o disposto no artigo 7.1 da lei 53/1984, que sinala.: "Será requisito necesario para autorizar a compatibilidade de actividades públicas o que a cantidade total a percibir por ambos postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos Orzamentos Xerais do Estado para o cargo de Director Xeral (a suma retributiva establecida para os ditos cargos no Real Decreto Lei 24/2018, de 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, é de 57.988,34 €), non supere a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada nun 30% para os funcionarios do Grupo A ou persoal de nivel equivalente. A superación destes límites, en cómputo anual, require en cada caso de acordo expreso do Goberno, órgano competente das comunidades autónomas ou Pleno das Corporacións Locais en base a razóns de especial interese para o servizo".

No presente caso a retribución a percibir no segundo posto e a da actividade principal non supera a correspondente á principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada nun 30%, e tampouco supera a retribución anual establecida para un Director Xeral no artigo 4.2 do Real



Decreto Lei 24/2018, de 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.

Atendendo ao exposto, podemos extraer as seguintes Conclusións:

1. A solicitude de Don Pablo Rivera Capón cumpre coas esixencias da Lei 53/1984, de 26 de decembro, é dicir, trátase dun posto de dedicación parcial e carácter non permanente, cunha retribución que está dentro dos límites establecidos e para o desempeño dunha actividade de Profesor Universitario asociado, polo que pode autorizarse a compatibilidade.

2.- Consonte ao preceptuado nos artigos 9 da citada Lei 53/1984, 22.2 q) e 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril; artigo 50.9 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado poio Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro; e no artigo 13 do Regulamento Orgánico da Deputación provincial de Lugo, a autorización ou denegación da compatibilidade para un segundo posto ou actividade no sector público corresponde ao Pleno da Corporación Provincial á que figura adscrito o posto principal, có quorum da maioría simple, é dicir máis votos a favor que en contra.

Do que se informa aos efectos oportunos”.

Tendo en conta o que establece para este tipo de solicitudes a lexislación aplicable, propono que polo Pleno da Deputación Provincial se adopte acordo polo que se autorice a compatibilidade de Don Pablo Rivera Capón, que terá vixencia mentres tanto non se incumpran os requisitos e condicionantes legais enumerados e condicionada a que polo interesado presente anualmente nesta Entidade a documentación acreditativa da relación laboral, así como as súas condicións, que manteña coa UNED xa que, no suposto de incumprimento daquela obriga, o Pleno, órgano competente, procederá a deixar sen efecto a concesión da presente autorización, trasladando a correspondente resolución ao indicado Centro Universitario”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Tamén moi brevemente, despois do ditame emitido pola Comisión Informativa e vista a solicitude de D. Pablo Rivera Capón, membro desta Corporación Provincial, de compatibilidade para a función docente, sen máis debate propónse a súa aprobación”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Por parte do Grupo Popular non hai debate, entendemos que é un tema normal e polo tanto imos absternos”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 24; votos a favor, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular, e do Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón que se ausentou da sesión). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

5.- INICIO DO PROCEDIMENTO PARA A EXTINCIÓN DE SUPLUSA.

Neste momento incorpórase á sesión o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Vista a proposta da Presidencia, que di o seguinte:

“No ámbito da necesidade e oportunidade de culminar a reestruturación administrativa do sector público instrumental desta Administración provincial, iniciada no ano 2012, co obxectivo de buscar o adelgazamento de estruturas e optimización de recursos públicos para a consecución dos obxectivos da administración, sempre no marco dunha necesaria modernización da administración



pública para adaptala ás necesidades existentes sen que elo leve aparelado a perda de recursos públicos.

Considerando que, en cumprimento dos obxectivos referenciados no parágrafo anterior, acometéronse ao longo destes anos os procedementos de extinción, tanto do Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social como da Fundación TIC.

Resultando que, ao día da data, o único ente instrumental pendente de extinción en aras de garantir o adelgazamento das estruturas e optimización dos recursos públicos pretendidos por esta Administración e así poder completar os obxectivos marcados no ano 2012, é a Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A.(SUPLUSA)

Visto que a disolución da SUPLUSA implica unha serie de trámites de observancia obrigatoria ata acordar a súa disolución.

É visto que dez persoas deputadas desta corporación solicitaron a convocatoria de Xunta Xeral Extraordinaria na que se acordará:

- a) Establecer un período de liquidación de 24 meses, que poderá ser ampliado a petición motivada das persoas liquidadoras pola Xunta Xeral da Sociedade ata o máximo legal.
- b) Cesar a todas as persoas administradoras e órganos da Sociedade: secretaría; intervención; tesouraría; xerencia e dirección técnica.
- c) Facultar á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo para a contratación dos servizos técnicos necesarios para o bo desempeño deste acordo, sinaladamente os servizos de auditoría necesarios para a liquidación da mesma así como un seguro de responsabilidade que cubra as actuacións das persoas liquidadoras se non se atoparan xa cubertas tales actuacións polos contratos existentes á data actual.
- d) Designar, en consonancia co proposto tamén á Xunta Xeral da Sociedade a:
 - D^a M^a Pilar García Porto, D^a Mónica Freire Rancaño e José Antonio García López, deputados da corporación provincial, como persoas liquidadoras da Sociedade con carácter mancomunado a todos os efectos que legalmente procedan.

- D. Manuel Cutrín Domínguez, funcionario de corpo ou escala xurídica, como asesor xurídico, de forma non retribuída, no proceso de liquidación, cuxa función será a de prestar asesoramento xurídico ás persoas nomeadas liquidadoras da Sociedade así como realizar as funcións de secretario accidental na Xunta Xeral da sociedade en liquidación.

Polo exposto, de conformidade co disposto no artigo 46.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 78.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e previo ditame da Comisión Informativa correspondente, PROPOÑO ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Acordar a disolución da sociedade, e a realización de todos aqueles trámites que resulten necesarios para lograr a total extinción da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A ata a súa sucesión universal pola Deputación Provincial de Lugo, na súa condición de socio único daquela.

SEGUNDO.- Constituír unha comisión integrada por persoal funcionario da Deputación de Lugo e traballadores de SUPLUSA, e persoas deputadas co fin de propor a este Pleno un modelo de xestión, de se decidir prestar aquel, segundo as persoas liquidadoras vaian presentando os datos na liquidación a esta administración.

Tal comisión estará constituída por:

- As tres persoas liquidadoras, das que unha delas presidirá a comisión por designación do Presidente da Deputación Provincial.

-Por parte da Sociedade: Vanesa Vázquez Abad e a persoa que desempeñe as labores de asesoría-secretaría na liquidación, que realizará as funcións de secretario da comisión.

- Por parte da Deputación provincial, a Secretaría, a Intervención da corporación e un funcionario do Servizo de Recursos Humanos.

TERCEIRO.- Remitir o presente Acordo a SUPLUSA e ao Rexistro Mercantil aos efectos oportunos”.



A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos deputados D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao e D. José Ángel Santos Sánchez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“A verdade é que con esta proposta que se trae a debate abordamos un asunto de trascendental importancia para o futuro da entidade provincial e tamén da provincia de Lugo, de aí que o Presidente precisamente impulsara e tomara a decisión de convocar este Pleno extraordinario no que hoxe nos encontramos.

Un asunto do que todos vostedes teñen información necesaria con carácter previo á celebración das Comisións Informativas, teñen tamén a proposta do Presidente, os informes de Secretaria, de Intervención, de Asesoría Xurídica, e por suposto tamén a convocatoria da Xunta Xeral de Suplusa que os tres Grupos Políticos asinamos no seu día e que temos representación nesta Corporación, e tal e como procede e se reflectía nesa petición de convocatoria de Xunta Xeral de non ser convocada quedaría automaticamente convocada para o día de hoxe, e vaise celebrar a continuación do Pleno á unha e media da tarde.

Con esta iniciativa cúmprese o acordado nun pacto de goberno, transparente e claro, que se fixo público o mesmo día en que se asinou, e se inicia co procedemento que vai desembocar na extinción da sociedade mercantil. Dáselle polo tanto o tratamento a unha das prioridades manifestadas por este goberno, e culmínase a reestruturación administrativa do sector público instrumental desta Institución que comezou xa aló polo ano 2012.

Eu non quero alongarme moito máis neste punto porque todos somos coñecedores do mesmo, e simplemente vou dar lectura á proposta que se fai dende a Presidencia porque, aínda que tódolos Deputados a temos, probablemente o público que nos acompaña e ó mellor os medios de comunicación non a coñecen na súa totalidade; e di do seguinte xeito:

“No ámbito da necesidade e oportunidade de culminar a reestruturación administrativa do sector público instrumental desta Administración provincial, iniciada no ano 2012, co obxectivo de buscar o adelgazamento de estruturas e optimización de recursos públicos para a consecución dos obxectivos da administración, sempre no marco dunha necesaria modernización da administración pública para adaptala ás necesidades existentes sen que elo leve aparelado a perda de recursos públicos.

Considerando que, en cumprimento dos obxectivos referenciados no parágrafo anterior, acometéronse ao longo destes anos os procedementos de extinción, tanto do Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social como da Fundación TIC.

Resultando que, ao día da data, o único ente instrumental pendente de extinción en aras de garantir o adelgazamento das estruturas e optimización dos recursos públicos pretendidos por esta Administración e así poder completar os obxectivos marcados no ano 2012, é a Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A.(SUPLUSA)

Visto que a disolución da SUPLUSA implica unha serie de trámites de observancia obrigatoria ata acordar a súa disolución.

É visto que dez persoas deputadas desta corporación solicitaron a convocatoria de Xunta Xeral Extraordinaria na que se acordará:

- e) Establecer un período de liquidación de 24 meses, que poderá ser ampliado a petición motivada das persoas liquidadoras pola Xunta Xeral da Sociedade ata o máximo legal.
- f) Cesar a todas as persoas administradoras e órganos da Sociedade: secretaría; intervención; tesouraría; xerencia e dirección técnica.
- g) Facultar á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo para a contratación dos servizos técnicos necesarios para o bo desempeño deste acordo, sinaladamente os servizos de auditoría necesarios para a liquidación da mesma así como un seguro de responsabilidade que cubra as actuacións das persoas liquidadoras se non se atoparan xa cubertas tales actuacións polos contratos existentes á data actual.
- h) Designar, en consonancia co proposto tamén á Xunta Xeral da Sociedade a:



- D^a M^a Pilar García Porto, D^a Mónica Freire Rancaño e José Antonio García López, deputados da corporación provincial, como persoas liquidadoras da Sociedade con carácter mancomunado a todos os efectos que legalmente procedan.

- D. Manuel Cutrín Domínguez, funcionario de corpo ou escala xurídica, como asesor xurídico, de forma non retribuída, no proceso de liquidación, cuxa función será a de prestar asesoramento xurídico ás persoas nomeadas liquidadoras da Sociedade así como realizar as funcións de secretario accidental na Xunta Xeral da sociedade en liquidación.

Polo exposto, de conformidade co disposto no artigo 46.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 78.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e previo ditame da Comisión Informativa correspondente, PROPOÑO ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Acordar a disolución da sociedade, e a realización de todos aqueles trámites que resulten necesarios para lograr a total extinción da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A ata a súa sucesión universal pola Deputación Provincial de Lugo, na súa condición de socio único daquela.

SEGUNDO.- Constituír unha comisión integrada por persoal funcionario da Deputación de Lugo e traballadores de SUPLUSA, e persoas deputadas co fin de propor a este Pleno un modelo de xestión, de se decidir prestar aquel, segundo as persoas liquidadoras vaian presentando os datos na liquidación a esta administración.

Tal comisión estará constituída por:

- As tres persoas liquidadoras, das que unha delas presidirá a comisión por designación do Presidente da Deputación Provincial.

-Por parte da Sociedade: Vanesa Vázquez Abad e a persoa que desempeñe as labores de asesoría-secretaría na liquidación, que realizará as funcións de secretario da comisión.

- Por parte da Deputación provincial, a Secretaría, a Intervención da corporación e un funcionario do Servizo de Recursos Humanos.

TERCEIRO.- Remitir o presente Acordo a SUPLUSA e ao Rexistro Mercantil aos efectos oportunos”.

Esta é a proposta que dende a Presidencia da Corporación se fai despois desa solicitude de convocatoria de Xunta Xeral extraordinaria da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo asinada, como dixen ó comezo da miña intervención, polos tres Grupos Políticos e que se celebrará á unha e media do día de hoxe”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Nós cremos que é importante e absolutamente necesario clarificar a postura do Partido Popular e deste Grupo Provincial antes de iniciar este proceso de extinción dunha sociedade que creo que durante todos estes anos tiña sido unha sociedade que fixo un importantísimo labor de desenvolvemento e de xestión nesta provincia, na que practicamente todo o mundo estaba de acordo e nunca foi obxecto de politización, e que isto cambiou a raíz dos enfrontamentos internos do Partido Socialista na anterior lexislatura.

Polo tanto, e para clarificar esa posición, temos que dicir moi claramente que se o Partido Popular gobernase esta Institución, ou se del dependesen os votos necesarios neste órgano colexiado para dita extinción, non se tivera producido, e non por ningunha sorpresa senón que creo que é un acto absolutamente de coherencia co que o Partido Popular e os distintos Grupos Provinciais durante todos estes anos defenderon dende a súa creación, que esta foi unha sociedade mercantil importante e decisiva para o desenvolvemento nesta provincia, para o desenvolvemento industrial, de servizos sociais, e para a xestión de moitos aspectos que agora mesmo imos ver como se van realizar a partires de agora. Polo tanto que quede claro que o Partido Popular non é o responsable e nin sequera, en caso de depender del, tivera tomado esta decisión.

Dito isto, unha vez que se anunciou esa disolución nese pacto público de vostedes con aquela famosa expresión da representante do Bloque Nacionalista Galego de que era unha das imposicións do BNG a disolución de Suplusa, e que era unha forma de empezar a baleirar esta Institución, co cal non deixa de ser curiosa sempre a postura do BNG durante doce anos pelexando



por gobernar e cogobernar e sen embargo agora mesmo apuntándose que é unha forma de acabar coas Deputacións; pero bueno, esa é a coherencia que xa coñecemos do BNG con respecto ás institucións e que tampouco aporta nada novo.

Entonces o único certo é que, unha vez que se ten claro que de nós non debería ter partido esta decisión, si que lle corresponde ó Partido Popular tomar unha decisión con respecto a este proceso que hoxe se ía abrir, unha posición que podía ser lóxicamente a de dicir o que vimos de manifestar, e por tanto desprenderse e desligarse do futuro de moita xente que ten que ver e que ten intereses no sentido dos seus dereitos garantidos nesta Sociedade; falamos dos concellos que teñen solo industrial con xestións pendentes, e detrás deses concellos os veciños e os inversores que nesta provincia apostan polos concellos pequenos e rurais que sen esta xestión durante estes anos probablemente non disporían do solo industrial que teñen hoxe ou que teñen expectativas de ter; e falamos claramente tamén do ámbito da inversión nos servizos sociais na rede de residencias de maiores que esta Sociedade tiña a encomenda de xestionar durante todos estes anos, e que cremos que razoablemente a xestionou de forma práctica e aceptable, e incluso ata se podería dicir que brillante.

Entonces atopámonos nesa tesitura, e o Partido Popular nun exercicio entendemos que de responsabilidade en primeiro lugar cos traballadores que teñen o seu futuro absolutamente descoñecido por falla de información do actual goberno, e están publicadas queixas sobre a súa forma de actuar; e despois mesmamente con aquelas persoas que hai catro anos foran seleccionadas para empezar a traballar naquela campaña famosa das municipais por parte do Partido Socialista no ano 2015, e que levan catro anos sen saber nada desta Deputación nin nada dos seus postos de traballo que legalmente gañaron.

Polo tanto cremos que non debemos deixar desamparados nin a uns nin a outros, nin a eses traballadores desta Sociedade nin ós concellos nin ós veciños que teñen nesta provincia xestións pendentes desta Sociedade. Imos apoiar por tanto este inicio no sentido de que claramente neste acordo vai tamén integrado o Partido Popular, e nesa defensa responsable deses dereitos é no que nos queremos situar; queremos situar na defensa de toda esta xente e de todos estes intereses que ó fin e ó cabo son a defensa desta provincia e da cal nos sentimos tamén copartícipes.

Por iso imos integrarnos nese órgano liquidador, que vai ter unha función importante con respecto a esta Sociedade, garantizador dos dereitos de todas estas persoas, ademáis dunha forma que conleva unha unanimidade no criterio que se teña que levar, polo cal cremos que é a forma precisamente de exercer o labor de control e de oposición na que estamos actualmente.

Por iso anunciamos ese voto a favor deixando moi claro cal é a situación do Partido Popular con respecto a Suplusa, porque durante todos estes anos, e ata que o Partido Socialista entrou nesa barrena interna de debates co anterior Presidente de Suplusa, todos estabamos de acordo nese labor.

E poñemos tamén en corentena algunhas das afirmacións que se reflicten na proposta, dise que é “co ánimo de modernizar e adelgazar a xestión nesta provincia”, pois iso terémolo que ver porque lóxicamente esas xestións que estaba realizando esta Sociedade vaina realizar a partires de agora a Deputación Provincial, imos ver se efectivamente se xestionan con menos cartos eses servizos e se se xestiona con esa rapidez e con esa eficacia; e cando pase o tempo, e para iso estamos aquí, iremos analizando se esta decisión foi a correcta ou non, porque o da modernización e o adelgazamento non deixa de ser unha declaración de intencións, por certo bastante baleiras a día de hoxe. Nós dende logo ratificamos ese posicionamento, e nese sentido nos situamos neste Pleno”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“É certo que este punto fíxose público despois do acordo de goberno, falámolo, e os dous Grupos Políticos criamos que se debía producir a disolución de Suplusa.

En canto á función histórica de Suplusa creo que daría para un debate máis longo, e co tempo que temos non quero entrar, o certo é que tería claros e escuros; pero o que non ten moito debate, alo menos ao noso entender, é a función que tivo Suplusa na última lexislatura, o Sr. García botáballe as culpas a un Grupo ou a outro pero esqueceu o papel que tivo o seu Grupo para todo este dislate que supuxo Suplusa, non foi máis ca unha institución dependente da Deputación que se revelou contra ela, que non pasou información, e en nada contribuiu a xestión do Partido Popular



aínda que a presidencia fora doutro señor, a ninguén se lle escapa como conseguiu esa presidencia e con que apoios, entón fala coma que fora culpa doutros o que pasou con Suplusa, pero algo terían vostedes que ver. Suplusa nestes últimos catro anos só saíu á prensa por cousas malas.

E, aparte da nosa opinión que é clara e cremos que contribúe a adelgazar as institucións e a modernizalas, cremos que só pola imaxe pública que conseguiron que tivera esa Sociedade durante a legislatura pasada habería que abordar isto por unha mera cuestión de dignidade. Hai informes técnicos que o avalan, e alegrámonos de que estean a favor sen estalo, como acaba de dicir, e esperemos que ese estar a favor sen estalo non sexa para poñer trabas neste proceso. Volvo dicir que isto marca un tempo novo, unha imaxe máis moderna desta Institución, e que contribúe a esa proposta do BNG, aquí e en tódalas institucións, de adelgazar as Deputacións.

Falaba vostede da coherencia, eu sei que o BNG lle sobramos ó Partido Popular, pero mentres existan, por moito que propoñamos que desaparezan, imos estar co dereito que nos dean os cidadáns, eu sei que preferían que non estiveramos nesta Institución, pero dicir que non é coherente propoñer a disolución e formar parte de algo ó que temos dereito por lei nós cremos que si é coherente, e se quere entramos noutros exercicios de coherencia como é gobernar con Partidos de ultradereita que propoñen a disolución dos Parlamentos autonómicos, porque sempre veñen ó BNG con coherencias ou incoherencias, non sei se están obsesionados con nós, pero nós estamos orgullosos de estar nas institucións mentres existan, e non nos parece ningunha contradición pedir a disolución das Deputacións e formar parte delas mentres existan, o día que non existan non estaremos pero mentres teñamos representación imos estar aínda que lles moleste; a vostedes sempre lles gusta meter algún tema para que nos desviemos do debate.

Nós cremos que isto é positivo para a imaxe da Deputación, e sobre todo que lanza unha imaxe de que é un tempo novo, que as Institucións poden ter un bo traballo para a cidadanía e unha imaxe digna que é o que nos piden os cidadáns cando nos elixen”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Vostedes din que sempre creron na utilidade de Suplusa, nós tamén ata os últimos catro anos, e vostedes foron testemuñas, igual ca nós, e en certa medida cómplices, dese proceso de desvirtuación que sufriu a sociedade provincial Suplusa. E eu non comparto que Suplusa non fose obxecto de politización, Suplusa sobre todo foi obxecto de politización nos últimos catro anos Sr. García, lamentablemente para todos porque antes si que foi un ente público.

Pero aparte desa cuestión, tamén é certo que as entidades como Suplusa non son tan útiles no momento en que se aproba unha nova lei de contratos, porque os procesos xa non son exactamente os mesmos, polo tanto nese sentido tamén perden parte da súa utilidade; creo que iso, por algunha conversa que tivemos, o compartimos.

A min gustárame que a súa coherencia fose tan grande que o Partido Popular aplicara ese adelgazamento das estruturas tal e como recomendou a Comisión CORA para a reforma das Administracións Públicas precisamente polo PP no Goberno de Madrid, gustárame que fosen tan coherentes como para defendelo así.

Nós o primeiro que dixemos cando fixemos público ese pacto de goberno, ademáis doutra serie de cuestións, foi que sempre iamos defender e garantir na medida da legalidade os dereitos dos traballadores, tal e como sempre fixemos nesta Institución, e niso dende logo o Partido Popular, e dixémosllo moitas veces, non nos vai dar leccións de como se defenden os dereitos dos traballadores, podémonos preocupar por igual pero leccións non.

E ademáis vostede a nivel persoal vai ter a oportunidade de formar parte desa comisión porque quixemos que así fora, neste caso quixemos integrar tamén ó Partido Popular nesa comisión precisamente para que teñan información de primeira man, para que non teñan ningún tipo de dúbida, para que defendan en igualdade de condicións que o imos facer dende o goberno os dereitos dos traballadores, para que teñan exactamente as mesmas oportunidades e a mesma intervención; eu o que agardo é que non se utilice esa participación na disolución de Suplusa dun xeito desvirtuado, porque parece que vostedes nos dan un voto condicionado, que lles agradecemos moito, agradecemos que vostedes voten favorablemente esta proposta, pero parece que o están condicionando; e con isto só quero manifestar públicamente que agardo que a súa participación non se convirta nun bloqueo do proceso, creo que a finalidade debe ser a mesma, creo que todos



perseguimos neste caso a extinción final da Sociedade que vai ter un proceso de 24 meses aproximadamente, e agardo que durante este tempo sexamos máis cómplices para chegar a un final feliz e non que utilicemos os recursos que con toda bondade se poñen á súa disposición para bloquear un proceso que creo que nos interesa a todos”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“En primeiro lugar dicirlle ó BNG que nós non estamos obsesionados co BNG para nada, sinto sacarlle esa ilusión se a tiña pero ningunha obsesión en absoluto.

Con respecto a Suplusa, agora parece que todo ven reducirse ós últimos catro anos segundo o que acaban de explicar, pola mala imaxe que deu a Sociedade, pois mala imaxe deuna o Partido Socialista nesta provincia, tódolos follóns que houbo en Suplusa foi da Xunta de Goberno Provincial do señor Darío Campos, da que vostede formaba parte, e o Consello de Suplusa porque había un presidente co que tiñan manifestas diferenzas por ser suaves.

Ademáis un presidente que por certo non o puxo o Partido Popular senón que o puxeron vostedes, lembren a votación, nós apoiamos esa proposta e vostedes tamén, ós dous días empezaron os follóns e xa non lles valía e encargáronse en desvirtuar e en atacar todo o que tiñan defendido durante catro anos. Por tanto leccións de coherencia ningunha, o Partido Popular non tivo absolutamente ningunha culpa da imaxe que deron vostedes de Suplusa, é máis, o Partido Popular mantívose onde estivo sempre e onde vostedes abandonaron nun momento determinado; porque o BNG está en contra de Suplusa non sei dende cando exactamente pero que recordemos en tódolos anos participou nos Consellos de Administración sen ningún voto discrepante de Suplusa, pero como tamén o fan aquí na Deputación e queren acabar con ela pois xa sei que non lles custan ningún traballo esas mostras de coherencia. Pero con respecto ó Partido Socialista a situación de Suplusa creárona vostedes, ninguén máis.

Fala dun voto condicionado, non sei se o adxectivo é “condicionado” pero efectivamente vai ser un voto responsable e non vai ser un cheque en branco para vostedes; se vostedes pensan que o adelgazamento de Suplusa vai pasar por recurtar os dereitos dos concellos e das persoas que

teñen investimentos ou expectativas de inversións nesta provincia, ou se pensan que ese adelgazamento vai ser a custa dos dereitos dos traballadores e dos que teñen a expectativa durante catro anos dun posto de traballo que nunha chegou, por suposto que vai ser condicionado a ese exercicio.

Polo tanto imos ver que pasa, estamos no inicio dun proceso no cal queremos participar por responsabilidade, e a partires de aí iremos vendo o que se vai facendo. E hai outro tema moi importante, xa non a extinción de Suplusa senón quen e como se van realizar as funcións que estaba a realizar Suplusa tan importantes para esta provincia, esta Deputación tena que subrogar esas funcións; imos ver como funciona a xestión do desenvolvemento industrial nos concellos máis pequenos nesta provincia que xa tiñan algunha expectativa; imos ver como funcionan e canto custa a xestión das residencias e dos centros de servizos sociais nesta provincia; porque agardamos que non pretendan ese adelgazamento a costa diso, porque non explicaron a costa de que vai ir ese adelgazamento; imos ver en que queda ese adelgazamento e imos ver tamén a xestión que para esta provincia vai ter a Deputación subrogando as funcións de xestión que tiña esta sociedade”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“En canto ó tema dos traballadores eu teño que dicirlles que no debate de goberno, que saíu aquí varias veces, cando abordamos o tema de Suplusa, e os que estaban alí pódono corroborar, unha das primeiras preocupacións de todos foron os traballadores. Aquí di que houbo escurantismo e non o houbo, simplemente hai un exercicio de responsabilidade, nós imos defender os dereitos dos traballadores pero no punto en que estamos aínda non temos a suficiente información xurídico-técnica para propoñer unha solución.

En todo caso coa fórmula que aquí se propón, e que creo que é unha boa fórmula para todos, vostedes van ser parte dese proceso en igualdade de garantías que calquera do resto dos Grupos, por tanto por aí poden estar tranquilos que creo que aí nos imos encontrar, porque non vin aquí a ninguén que quixera atacar os dereitos deses traballadores, e noutros procesos similares, nos que eu non estaba, non se atacaron os dereitos dos traballadores e esas disolucións leváronse dun xeito ordenado.



Pero pedir agora que saiamos cunha solución técnica cando estamos no primeiro chanzo da escaleira, e ó mellor esa é máis adiante, pois cando cheguemos aí o máis importante van ser os dereitos dos traballadores pero da man deses informes xurídico-técnicos que todos teremos que respectar, incluído o Partido Popular. Pero vostedes van ser parte dese proceso en igualdade de condicións, por tanto pódese lanzar unha mensaxe tranquilizadora a tódolos traballadores porque vai primar o dereito deles, porque con tódolos representantes políticos cos que falei creo que coincidimos todos.

En canto ó adelgazamento, Sr. García xa só sen que haxa un Consello de Administración xa adelgazamos, non será moito pero xa estamos adelgazando; non veña dicindo que aquí queremos deixar de dar eses servizos porque ninguén propuxo iso nin en privado nin públicamente, non sementen dúbidas porque é unha estratexia que fai o Partido Popular e que a min non me gusta, sementar dúbidas porque algo queda na opinión pública, pois espere a ver o que pasa porque ninguén propuxo deixar de prestar eses servizos, haberá que ver como o facemos. E volvo dicirle que nese “como” van ter vostedes con esta fórmula a mesma responsabilidade ou a mesma cota de decisión que o BNG e que o Partido Socialista, entón imos estar todos nesas decisións. Por tanto non lancen dúbidas, eu creo que está claro que vai ser un proceso regrado e que vai ser bo para esta Institución”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Eu creo que todos coincidimos en que a Sociedade estaba desvirtuada, uns utilizamos uns termos e outros utilizan outros, pero o certo é que Suplusa foi noticia en numerosas ocasións durante os últimos catro anos, e quen tiña maioría nese Consello de Administración eran vostedes, o Partido Popular. Pero deixando isto á marxe, deixou de ser útil polos avatares políticos e, como dixeran antes, tamén en certa medida por esta nova lei de contratos.

E agora iniciamos este proceso de adelgazamento de estrutura que se consolida despois dun pacto de goberno entre os dous Grupos que formamos o goberno desta Institución, e ó que quixemos sumar nesta ocasión ó Partido Popular, de aí que se chegara a ese acordo de convocatoria

para a Xunta Xeral asinado polos tres Grupos que integran a Corporación Provincial, pero que tamén forman parte da Xunta Xeral de Suplusa, e a partires de aí e neste Pleno se inician os trámites para a disolución, liquidación e extinción desta entidade provincial.

Na Comisión que se vai formar Sr. García, e vostede sábeo tan ben coma min, vaise votar e decidir neste punto, e o máis positivo é que con isto non queda ningún ente instrumental da Deputación”.

Rematado o debate e efectuada a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

A continuación intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Moitas grazas a tódolos Grupos. E antes de levantar a sesión recordarlle ós señores Deputados que á unha e media da tarde celebrárase neste mesmo Salón a Xunta Xeral de Suplusa.

O Sr. Castiñeira interpeloume dúas ou tres veces, o cal me parece ben e non quixen interromper o debate, e simplemente dicirlle en relación coas súas preguntas que me facía que o Presidente cumpre os seus compromisos, vostede non se preocupe, estamos nunha nova etapa e xa irá vendo”.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as doce horas e sete minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.